La Voz de Galicia LUNS 18 FEBREIRO 2019 ● ANO XIII - Nº 533 ● Correo: liderlugo@lavoz.es

1.Líder



Lugo 4 2

# ANTICICLÓN ALBIVERMELLO

**O Lugo volveu á senda da vitoria no Grupo polo campionato Galego infantil.** Os de Dani Galán reaccionaron cando peor pintaban as cousas ante o Arosa, que se puxo con 1-2 na segunda parte. No treito final os lucenses varreron ao seu rival con dous goles de Pérez e outro de Buide

PARÓN

## Último descanso antes do sprint final

**Todas as competicións de categorías superiores farán parón a próxima fin de semana polos compromisos das diferentes Seleccións Galegas. As competicións provinciais continúan e afrontarán o inicio das segundas voltas**

REPORTAXE

## A Deputación destina 1 millón de euros máis ao tecido deportivo

O principal incremento radica nas axudas sociais para impulsar a igualdade e a integración dende o deporte

TORNEO INTERNACIONAL

## Os lucenses Moha e Iker, campións en Dubai co Celta

Os xogadores infantís do CD Lugo acudiron aos Emiratos Árabes co Celta de Vigo para disputar a 'Dubai Intercontinental Cup', na que se alzaron co título tras impoñerse a Chelsea, en cuartos, Barcelona en semifinais e Juventus na gran final



# Clasificacións » Ligas Superiores e Provinciais

## XUVENIL D. DE HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| TSK Roces – Alondras | 5-0 |
| RC Celta – Deportivo | 3-0 |
| Covadonga – Basander | 0-3 |
| CD Lugo – R. Santander | 2-2 |
| Val Miñor – Pontevedra | 0-1 |
| Colindres – At. Perines | 2-2 |
| Ural CF – R. Oviedo | 3-2 |
| Sp. Gijón – R. Ferrol | 2-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RC CELTA | 62 | 24 | 20 | 2 | 2 | 60 | 19 |
| SPORTING GIJÓN | 56 | 24 | 17 | 5 | 2 | 71 | 20 |
| R SANTANDER | 55 | 24 | 17 | 4 | 3 | 66 | 21 |
| **CD LUGO** | **41** | **24** | **12** | **5** | **7** | **43** | **32** |
| URAL CF | 41 | 24 | 13 | 2 | 9 | 45 | 39 |
| REAL OVIEDO | 39 | 24 | 11 | 6 | 7 | 36 | 20 |
| RC DEPORTIVO | 38 | 24 | 11 | 5 | 8 | 44 | 26 |
| BANSANDER | 33 | 24 | 10 | 3 | 11 | 35 | 46 |
| ATL PERINES | 30 | 24 | 8 | 6 | 10 | 39 | 49 |
| PONTEVEDRA CF | 28 | 24 | 9 | 1 | 14 | 28 | 46 |
| RACING FERROL | 27 | 24 | 7 | 6 | 11 | 31 | 43 |
| ED VAL MIÑOR | 24 | 24 | 6 | 6 | 12 | 25 | 39 |
| TSK ROCES | 24 | 24 | 7 | 3 | 14 | 32 | 52 |
| CD COVADONGA | 20 | 24 | 5 | 5 | 14 | 25 | 49 |
| CD COLINDRES | 13 | 24 | 3 | 4 | 17 | 13 | 50 |
| ALONDRAS CF | 12 | 24 | 3 | 3 | 18 | 15 | 57 |

### PRÓXIMA XORNADA

Deportivo - TSK Roces
Perines - Val Miñor
R. Ferrol - Covadonga
R. Oviedo - Colindres
R. Santander - Sp. Gijón
Alondras - Ural
Pontevedra - CD Lugo
Bansander - RC Celta

## XUVENIL LIGA NACIONAL

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Valladares – Conxo | 2-3 |
| Sta. Mariña – Pabellón | 0-2 |
| RC Villalbés – Orillamar | 2-0 |
| CD Lérez – CD Lugo B | 1-6 |
| R. Bouzas – Val Miñor B | 2-2 |
| CD Areosa – Porriño | 2-1 |
| Calasanz – RC Celta B | 1-0 |
| Deportivo B – Arosa SC | 2-0 |
| Victoria – Choco | 4-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. CELTA "B" | 58 | 23 | 19 | 1 | 3 | 70 | 23 |
| C.D. CALASANZ | 50 | 23 | 15 | 5 | 3 | 40 | 21 |
| VICTORIA C.F. | 45 | 23 | 14 | 3 | 6 | 53 | 37 |
| DEPORTIVO "B" | 42 | 23 | 13 | 3 | 7 | 44 | 23 |
| C.D. CONXO | 40 | 23 | 12 | 4 | 7 | 51 | 43 |
| C.D. CHOCO | 38 | 23 | 12 | 2 | 9 | 49 | 32 |
| PABELLON | 38 | 23 | 11 | 5 | 7 | 38 | 24 |
| **R. VILLALBES** | **38** | **23** | **11** | **5** | **7** | **32** | **31** |
| C.D. AREOSA | 38 | 23 | 12 | 2 | 9 | 39 | 34 |
| RAPIDO BOUZAS | 31 | 23 | 8 | 7 | 8 | 26 | 25 |
| PORRIÑO | 29 | 23 | 8 | 5 | 10 | 41 | 45 |
| VALLADARES | 26 | 23 | 7 | 5 | 11 | 39 | 47 |
| VAL MIÑOR "B" | 26 | 23 | 6 | 8 | 9 | 28 | 40 |
| SANTA MARIÑA | 21 | 23 | 5 | 6 | 12 | 25 | 34 |
| AROSA S.C. | 19 | 23 | 5 | 4 | 14 | 22 | 39 |
| **C.D. LUGO "B"** | **19** | **23** | **5** | **4** | **14** | **33** | **52** |
| ORILLAMAR S.D. | 17 | 23 | 5 | 2 | 16 | 27 | 68 |
| C.D. LEREZ | 9 | 23 | 2 | 3 | 18 | 27 | 66 |

### PRÓXIMA XORNADA

Pabellón - Conxo
RC Celta B - R. Bouzas
Orillamar - Sta. Mariña
Arosa SC - Calasanz
Porriño - RC Villalbés
Choco - Deportivo B
CD Lugo B - CD Areosa
Victoria CF - Valladares
Val Miñor B - CD Lérez

## XUVENIL GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Boiro – Victoria B | 3-2 |
| Estrada – At. Arteixo | 4-0 |
| Bergantiños – Ural B | 3-3 |
| Viveiro CF – Compostela | 1-1 |
| Dumbría – Residencia | 1-0 |
| At. Riveira – As Pontes | 2-0 |
| Betanzos – G. Caranza | 0-2 |
| O Val – Montañeros | 0-1 |
| Conxo B – Lalín | 1-3 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTOS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.F. LALIN | 56 | 23 | 17 | 5 | 1 | 67 | 26 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 48 | 23 | 14 | 6 | 3 | 49 | 20 |
| S.D. O VAL | 48 | 23 | 15 | 3 | 5 | 51 | 25 |
| MONTAÑEROS C.F. | 46 | 23 | 13 | 7 | 3 | 44 | 22 |
| S.D. COMPOSTELA | 43 | 23 | 13 | 4 | 6 | 43 | 31 |
| C.F. DUMBRIA | 40 | 23 | 12 | 4 | 7 | 38 | 30 |
| **VIVEIRO C.F. "A"** | **37** | **23** | **10** | **7** | **6** | **40** | **38** |
| C.D. BOIRO | 37 | 23 | 11 | 4 | 8 | 44 | 37 |
| ESTRADA FB | 35 | 23 | 11 | 2 | 10 | 34 | 40 |
| URAL C.F. "B" | 33 | 23 | 9 | 6 | 8 | 45 | 34 |
| VICTORIA C.F. "B" | 30 | 23 | 9 | 3 | 11 | 39 | 43 |
| CONXO "B" | 28 | 23 | 9 | 1 | 13 | 38 | 35 |
| GALICIA CARANZA | 26 | 23 | 7 | 5 | 11 | 44 | 47 |
| **RESIDENCIA** | **26** | **23** | **7** | **5** | **11** | **37** | **46** |
| C.D. AS PONTES | 18 | 23 | 5 | 3 | 15 | 26 | 42 |
| AT. DE RIVEIRA | 17 | 23 | 5 | 2 | 16 | 41 | 77 |
| BETANZOS C.F. | 8 | 23 | 2 | 2 | 19 | 20 | 67 |
| AT. ARTEIXO | 8 | 23 | 1 | 5 | 17 | 27 | 67 |

### PRÓXIMA XORNADA

Atrteixo - Victoria CF B
G. Caranza - Riveira
Ural CF B- Estrada
Montañeros - Betanzos
Compostela-Bergantiños
EF Lalín - O Val
Residencia - Viveiro CF
Conxo B - Boiro
As Pontes - Dumbría

## XUVENIL GALEGA SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Tomiño – A Seca | 5-0 |
| Choco B – Comesaña | 2-0 |
| UD Ourense – Ribadumia | 2-2 |
| Barbadás – Coruxo | 1-2 |
| Verín – Calasancio | 5-2 |
| Monteporreiro – Barco | 6-1 |
| AJ Lérez – Alondras B | 3-1 |
| Pabellón B – Ourense CF | 2-1 |
| Portonovo – Vila Corpus | 1-2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| OURENSE C.F. | 56 | 23 | 18 | 2 | 3 | 75 | 26 |
| U.D. OURENSE | 50 | 22 | 15 | 5 | 2 | 58 | 23 |
| MONTEPORREIRO | 44 | 22 | 14 | 2 | 6 | 54 | 32 |
| A.J. LEREZ | 41 | 23 | 13 | 2 | 8 | 61 | 30 |
| PABELLON "B" | 40 | 23 | 11 | 7 | 5 | 58 | 31 |
| ALONDRAS C.F. "B" | 34 | 23 | 10 | 4 | 9 | 41 | 41 |
| U.D. BARBADAS | 33 | 23 | 10 | 3 | 10 | 31 | 36 |
| A.D. TOMIÑO | 31 | 23 | 9 | 4 | 10 | 59 | 59 |
| CORUXO F.C. | 31 | 23 | 8 | 7 | 8 | 39 | 39 |
| A.C.D. A SECA | 29 | 23 | 9 | 2 | 12 | 41 | 46 |
| **C.P. CALASANCIO** | **29** | **23** | **8** | **5** | **10** | **31** | **34** |
| PORTONOVO S.D. | 28 | 23 | 8 | 4 | 11 | 37 | 45 |
| U.D. COMESAÑA | 27 | 23 | 8 | 3 | 12 | 38 | 52 |
| C.D. RIBADUMIA | 27 | 23 | 7 | 6 | 10 | 39 | 48 |
| A.D. VILA CORPUS | 26 | 23 | 8 | 2 | 13 | 35 | 47 |
| E.D.C. VERIN | 21 | 23 | 5 | 6 | 12 | 33 | 53 |
| C.D. CHOCO "B" | 21 | 23 | 5 | 6 | 12 | 28 | 58 |
| C.D. BARCO | 14 | 23 | 4 | 2 | 17 | 23 | 81 |

### PRÓXIMA XORNADA

Comesaña - A Seca
Alondras B - Montep.
Ribadumia - Choco B
Ourense CF - AJ Lérez
Coruxo - UD Ourense
Vila Corpus - Pabellón B
Calasancio - Barbadás
Portonovo - Tomiño
Barco - EDC Verín

## CADETE DIVISIÓN HONRA

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Val Miñor –Conxo | 1-1 |
| Sta. Mariña – Pabellón | 1-0 |
| Bergantiños – Ural | 2-2 |
| CD Areosa – Coruxo | 1-1 |
| Pontevedra – CD Lugo | 1-4 |
| San Tirso – Ourense CF | 6-2 |
| Calasanz – RC Celta | 0-6 |
| Deportivo – Montañeros | 4-2 |
| Victoria – R. Ferrol | 3-1 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C.CELTA S.A.D. | 63 | 23 | 21 | 0 | 2 | 99 | 14 |
| R.C. DEPORTIVO | 56 | 22 | 18 | 2 | 2 | 71 | 17 |
| URAL C.F. | 48 | 23 | 15 | 3 | 5 | 41 | 23 |
| **C.D. LUGO** | **39** | **23** | **12** | **3** | **8** | **48** | **38** |
| PABELLON C.F. | 36 | 23 | 11 | 3 | 9 | 39 | 32 |
| VAL MIÑOR | 36 | 23 | 10 | 6 | 7 | 40 | 31 |
| C.D. CALASANZ | 35 | 23 | 10 | 5 | 8 | 27 | 31 |
| SAN TIRSO S.D. | 31 | 23 | 9 | 4 | 10 | 40 | 36 |
| RACING FERROL | 31 | 22 | 9 | 4 | 9 | 32 | 51 |
| PONTEVEDRA C.F. | 31 | 23 | 10 | 1 | 12 | 39 | 38 |
| CORUXO F.C. | 31 | 23 | 9 | 4 | 10 | 28 | 34 |
| C.D. CONXO | 30 | 22 | 8 | 6 | 8 | 28 | 29 |
| VICTORIA C.F. | 26 | 23 | 8 | 2 | 13 | 32 | 44 |
| OURENSE C.F. | 23 | 22 | 6 | 5 | 11 | 30 | 48 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 23 | 23 | 5 | 8 | 10 | 28 | 54 |
| SANTA MARIÑA | 20 | 23 | 5 | 5 | 13 | 22 | 47 |
| C.D. AREOSA | 11 | 23 | 2 | 5 | 16 | 27 | 59 |
| MONTAÑEROS C.F. | 10 | 23 | 2 | 4 | 17 | 18 | 63 |

### PRÓXIMA XORNADA

Pabellón - Conxo
RC Celta - San Tirso
Ural CF - Sta. Mariña
Montañeros - Calasanz
Coruxo - Bergantiños
RC Ferrol - Deportivo
CD Lugo - CD Areosa
Victoria - Val Miñor
Ourense CF-Pontevedra

## CADETE GALEGA NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| EF Lalín – Victoria B | 1-1 |
| Estrada – Deportivo B | 0-3 |
| Bergantiños B – Ural B | 0-2 |
| Viveiro CF – Bertamiráns | 0-0 |
| CD Lugo B – Dumbría | 2-3 |
| Milagrosa – San Tirso B | 1-1 |
| Calasanz B – G. Caranza | 3-1 |
| R. Ferrol B – RC Villalbés | 2-1 |
| X. Oroso – Orillamar | 1-0 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BERTAMIRANS C.F. | 63 | 23 | 20 | 3 | 0 | 58 | 14 |
| X. OROSO | 57 | 23 | 18 | 3 | 2 | 77 | 28 |
| **RACING VILLALBES** | **43** | **23** | **13** | **4** | **6** | **42** | **27** |
| R.C. DEPORTIVO "B" | 41 | 23 | 12 | 5 | 6 | 52 | 25 |
| C.F. DUMBRIA | 39 | 23 | 12 | 3 | 8 | 35 | 38 |
| C.D. CALASANZ "B" | 38 | 23 | 11 | 5 | 7 | 35 | 22 |
| GALICIA CARANZA | 36 | 23 | 11 | 3 | 9 | 49 | 32 |
| BERGANTIÑOS "B" | 35 | 23 | 10 | 5 | 8 | 32 | 25 |
| ESTRADA FB | 32 | 22 | 9 | 5 | 8 | 27 | 38 |
| SAN TIRSO S.D. "B" | 30 | 23 | 8 | 6 | 9 | 30 | 32 |
| URAL C.F. "B" | 29 | 23 | 8 | 5 | 10 | 29 | 30 |
| R. FERROL "B" | 28 | 23 | 7 | 7 | 9 | 22 | 39 |
| **VIVEIRO C.F. "A"** | **27** | **23** | **7** | **6** | **10** | **30** | **37** |
| **C.D. LUGO "B"** | **24** | **23** | **7** | **3** | **13** | **29** | **44** |
| **S.C.D. MILAGROSA** | **19** | **23** | **5** | **4** | **14** | **24** | **51** |
| E.F. LALIN | 18 | 22 | 4 | 6 | 12 | 24 | 44 |
| VICTORIA C.F. "B" | 12 | 23 | 3 | 3 | 17 | 15 | 38 |
| ORILLAMAR S.D. | 9 | 23 | 3 | 0 | 20 | 16 | 62 |

### PRÓXIMA XORNADA

Deportivo B - Victoria B
G. Caranza - Milagrosa
Ural CF B - Estrada
RC Villalbés - Calasanz B
Bertamiráns-Bergantiños
Orillamar - RC Ferrol B
Dumbría - Viveiro CF A
X. Oroso - EF Lalín
San Tirso B - Lugo B

## INFANTIL GALEGA TÍTULO

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Bertamiráns – Montañeros | 2-0 |
| R. Ferrol – Ourense CF | 2-4 |
| Deportivo – Portero 2000 | 13-0 |
| Val Miñor –Ural | 4-3 |
| CD Lugo – Arosa SC | 4-2 |
| Pabellón – RC Celta | 0-3 |
| Sta. Mariña – X. Oroso | 2-2 |
| Choco – Victoria | 1-5 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| R.C. DEPORTIVO | 18 | 6 | 6 | 0 | 0 | 37 | 6 |
| BERTAMIRANS F.C. | 14 | 6 | 4 | 2 | 0 | 21 | 8 |
| OURENSE C.F. | 14 | 6 | 4 | 2 | 0 | 21 | 9 |
| R.C.CELTA S.A.D. | 13 | 6 | 4 | 1 | 1 | 27 | 11 |
| PABELLON C.F. | 13 | 6 | 4 | 1 | 1 | 14 | 10 |
| **C.D. LUGO** | **11** | **6** | **3** | **2** | **1** | **13** | **12** |
| VAL MIÑOR | 10 | 6 | 3 | 1 | 2 | 15 | 16 |
| PORTERO 2000 | 8 | 6 | 2 | 2 | 2 | 13 | 24 |
| VICTORIA C.F. | 6 | 6 | 2 | 0 | 4 | 16 | 19 |
| X. OROSO | 5 | 6 | 1 | 2 | 3 | 9 | 14 |
| SANTA MARIÑA | 5 | 6 | 1 | 2 | 3 | 8 | 14 |
| C.D. CHOCO | 5 | 6 | 1 | 2 | 3 | 5 | 11 |
| MONTAÑEROS C.F. | 4 | 6 | 1 | 1 | 4 | 4 | 11 |
| AROSA S.C. | 3 | 6 | 1 | 0 | 5 | 8 | 27 |
| URAL C.F. | 2 | 6 | 0 | 2 | 4 | 9 | 18 |
| RACING FERROL | 2 | 6 | 0 | 2 | 4 | 14 | 24 |

### PRÓXIMA XORNADA

Bertamiráns - RC Ferrol
Arosa SC - Pabellón
Ourense CF - Deportivo
RC Celta - Sta Mariña
Portero 200 0 - Val Miñor
X. Oroso - Choco
Ural CF - CD Lugo
Montañeros - Victoria




## INF. GAL. DESCENSO NORTE

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| Conxo – Imperator | 2-2 |
| Calasanz – G. Caranza | 0-2 |
| San Tirso – Residencia | 5-0 |
| Milagrosa– EF Lalín | 1-8 |
| At. Riveira – Bergantiños | 3-7 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| GALICIA CARANZA | 25 | 6 | 5 | 1 | 0 | 14 | 4 |
| E.F. LALIN | 23 | 6 | 4 | 1 | 1 | 18 | 9 |
| SAN TIRSO S.D. | 23 | 6 | 3 | 1 | 2 | 17 | 15 |
| C.D. CONXO | 22 | 6 | 3 | 2 | 1 | 18 | 8 |
| IMPERATOR O.A.R. | 19 | 6 | 4 | 1 | 1 | 28 | 4 |
| BERGANTIÑOS C.F. | 19 | 6 | 3 | 1 | 2 | 21 | 11 |
| C.D. CALASANZ | 19 | 6 | 3 | 0 | 3 | 16 | 13 |
| AT. DE RIVEIRA | 7 | 6 | 0 | 0 | 6 | 11 | 23 |
| **RESIDENCIA** | **5** | **6** | **0** | **1** | **5** | **3** | **32** |
| **MILAGROSA** | **3** | **6** | **1** | **0** | **5** | **7** | **34** |

### PRÓXIMA XORNADA

Conxo - Calasanz
EF Lalín - Riveira
G. Caranza- San Tirso
Imperator - Bergantiños
Residencia A -Milagrosa

## INF. GAL. DESCENSO SUR

### RESULTADOS

| | |
|---|---|
| CD Areosa – R. Bouzas | 4-2 |
| ED Arousa – Porriño | Apr. |
| Calasancio – Salgueiriños | 0-1 |
| ED Ourense – Pabellón P. | 3-2 |
| Coruxo – Alondras | 3-2 |

### CLASIFICACIÓNS

| Equipo | PTS. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| E.D. OURENSE | 32 | 6 | 6 | 0 | 0 | 14 | 5 |
| C.D. AREOSA | 22 | 6 | 3 | 2 | 1 | 13 | 9 |
| PORRIÑO C.F. | 21 | 5 | 4 | 1 | 0 | 14 | 3 |
| SALGUEIRIÑOS | 20 | 6 | 3 | 0 | 3 | 4 | 7 |
| E.D. AROUSA S.D. | 18 | 5 | 3 | 0 | 2 | 8 | 6 |
| ALONDRAS C.F. | 18 | 6 | 1 | 2 | 3 | 8 | 11 |
| RAPIDO BOUZAS | 10 | 6 | 1 | 1 | 4 | 7 | 9 |
| CORUXO F.C. | 10 | 6 | 2 | 1 | 3 | 7 | 10 |
| **C.P. CALASANCIO** | **10** | **6** | **1** | **2** | **3** | **6** | **11** |
| PABELLON PROM. | 5 | 6 | 0 | 1 | 5 | 3 | 13 |

### PRÓXIMA XORNADA

CD Areosa - ED Arousa
Pabellón P. - Coruxo
Porriño - CP Calasancio
R. Bouzas - Alondras
Salgueiriños-ED Ourense






Casariego rematando a portería ante a mirada de Raúl nun lance do partido ante o Rácing de Santander disputado onte pola mañá no Campo Municipal da Cheda

# Premio á insistencia dun Lugo que lle deu media Liga ao Celta

## O RÁCING DE SANTANDER CHEGABA SEGUNDO NA TÁBOA

e marchou da Cheda terceiro, a sete puntos do conxunto vigués

Lugo e Rácing de Santander disputaron un encontro de altos voos na División de Honra xuvenil. Un partido que os de Álex Antón afrontaron, unha xornada máis, con moitas ausencias, aínda así deron a cara ante un rival que se presentou na Cheda desde o segundo posto, pero que saíu de Lugo terceiro e a sete puntos do Celta de Vigo, que conta con seis de marxe co Sporting de Gijón, segundo agora, tras impoñerse ao Rácing de Ferrol e facer o propio o Celta ante o Deportivo no derbi galego por tres goles a cero na Madroa.

**CD LUGO** 2 — 2 **R. SANTANDER**

**Goles:** Ramos e Christian.

**Goles:** Villar e en propia porta.




**Arbitro:** David Pereira Ferreiro **Campo:** Municipal A Cheda, Lugo

> "Se vio un partidazo entre dos buenos equipos" MIGUEL MATEOS CD Lugo

O Rácing de Santander quixo ser protagonista desde os primeiros minutos e conseguiuno en parte cunha presión moi alta. Con todo, a primeira ocasión clara foi para o Lugo cun disparo de Álex Ramos que se estrelou no larguero aos seis de xogo. Aos poucos o ímpetu inicial dos visitantes foise acougando, pero antes do descanso inauguraron o marcador cun centro á área que Dani Vidal, ao intentar despexar, enviou cara á súa portería concedendo gol o colexiado pese ás reclamacións dos lucenses de que o balón non entrara na súa totalidade.

Ao comezo da segunda parte o Lugo xa deixou claro que vendería cara a derrota. Casariego tivo unha clara ocasión cun remate desde dentro da área antes de que Álex Ramos volvese executar á perfección unha pena máxima para asinar o momentáneo empate a un.

Os dous equipos fóronse ao ataque. Ambos quixeron a vitoria, e froito diso viuse unha última media hora de alternativas no xogo e no marcador.

De novo adiantouse o Rácing de Ferrol nunha contra letal, pero a insistencia do Lugo tivo recompensa nesta ocasión.

A falta de cinco minutos Martín e Dani Real fabricaron unha xogada pola banda esquerda que culminou Christian cun certeiro remate.

**1**

**DEBUT DE PÉREZ**
O xogador, aínda en idade cadete, disputou os seus primeiros minutos na máxima categoría do fútbol base nacional

**10**

**GOLES ÁLEX RAMOS**
máximo goleador albivermello esta tempada, seguido por Christian, que tras marcar tamén nesta xornada leva 9 no presente curso

Na recta final, o Rácing de Santander apertou en busca da vitoria, consciente de que se lle escapaba o tren da Liga, pero o Lugo estivo sólido e non concedeu opcións.

**Próxima xornada**

O Lugo visita a un Pontevedra necesitado de puntos e que, cun posible descenso, propiciaría un arrastre máis na Liga Nacional, competición na que o Lugo B está intentando saír dos postos de descenso.



Gabarre co balón ante un xogadoir cántabro



Álex Ramos executando o penalti do empate a un



Jesús anticipándose a un dianteiro do Santander



Raúl xogando de cara ante a presión de dous rivais

# O Rácing Villalbés recupera efectivos e alimenta o soño

**NOEL E MOREDA VOLVERON TER MINUTOS** nun partido no que os de Cholas tiraron de solvencia para impoñerse e manterse a sete puntos dos postos de ascenso

**RC VILLALBÉS** 2 - 0 **ORILLAMAR**

**Goles** Samuel e Moreda.




**Arbitro:** Javier Pérez Prado, Rubén León e Ángel Pérez **Campo:** Estadio Roca

O Rácing Villalbés segue alimentando o soño de chegar ás últimas xornadas con opcións de asaltar os primeiros postos tras impoñerse ao Orillamar no Roca cun partido máis serio que vistoso.

Aos dous equipos custoulles adaptarse ao encontro e ao terreo de xogo, que estaba moi seco, pero aos poucos o Villalbés foi gañando en consistencia e atopando vías para xerar perigo, especialmente por banda dereita por medio de Herrero.

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | |
|---|---|
| ANXO | 3 |
| SAMUEL | 2 |
| ÁNGEL | 1 |

Precisamente nunha acción de Herrero naceu o un a cero pasada a media hora inicial. Un centro do extremo rematouno ao fondo das mallas Samuel, que volveu pola porta grande ao once inicial.

Co marcador a favor o partido púxose de cara para os de Cholas, que tiraron da súa mellor arma, a solvencia, e esperaron o seu momento para poñer terra polo medio no marcador.

Antes do descanso Samuel estivo a piques de facer o segundo cunha vaselina que se foi fóra por pouco. Xa na segunda parte os puntas herculinos do Orillamar desesperáronse ao non atopar vías para crear perigo ante unha defensa sen fisuras do Rácing, polo que Clemente non tivo que intervir en toda a segunda metade.

Con Herrero en punta para aproveitar espazos chegou a quenda tamén para a volta ao equipo de Moreda, xa o fixera desde o once inicial Noel, pero o punta saíu na segunda parte para sentenciar o encontro.



Paulo subindo o balón entre dous rivais e baixo a atenta mirada de Jose no Roca

> “Sin ser un buen partido hemos sido solventes y hemos estado muy serios para no sufrir en ningún momento”
>
> CHOLAS RC Villalbés

O nove aproveitou un rexeite dentro da área para asinar o dous a cero co que os tres puntos quedaron vistos para sentenza. Castrín estivo a piques de estrearse como goleador no Villalbés cun lanzamento de falta directa ante o que se luciu o porteiro herculino, e os últimos minutos transcorreron sen apenas incidencias ao baixar os brazos o Orillamar ante a superioridade dun Villalbés que non quixo facer sangue.

# O Lugo B emerxeu na Junquera

**XORNADA REDONDA PARA OS ALBIVERMELLOS** tras volver á senda da vitoria e recortar puntos cos postos de permanencia trala derrota do Santa Mariña ante o Pabellón Ourense



Rubén pisando o balón nun encontro disputado na casa

**CD LÉREZ** 1 - 6 **CD LUGO B**

**Gol:** Joel

**Goles:** Lis (3), Rubén, Xabi Domínguez e David Guitián.




**Arbitro:** Daniel Garca, Jose Gómez e Iván Diz **Campo:** La Junquera, Pontevedra.

O Lugo B volveu á senda da vitoria ao asinar o seu quinto triunfo do curso na Liga Nacional xuvenil. A visita ao campo do colista semellaba como a primeira final, xa que os tres puntos eran innegociables e os de Mourelos conseguíronos con fartura ao asinar a súa vitoria máis ampla e cómoda do curso.

Desde os primeiros minutos os lucenses quixeron ser os protagonistas do encontro e fixérono xogando

> “Canto máis e mellor adestro, máis sorte teño”
>
> CASTRO CD Lugo B

en campo rival, polo que o goteo de ocasións foi continuo. O cero a un chegou tras un roubo no medio campo e centro medido de Rivas para remate ao fondo das mallas de Lis, que se estreaba como nove do equipo de saída.

**OS MELLORES**

| CD LUGO | |
|---|---|
| LIS | 3 |
| PORTO | 2 |
| RIVAS | 1 |

Na recta final da primeira parte o Lugo B baixou un pouco a intensidade e o Lérez aproveitouno para meterse de novo no partido e empatar no marcador antes do descanso co un a un co que finalizou a primeira parte.

Nos vestiarios o Lugo B recuperou forzas, confianza e pegada, xa que en seis minutos levou o marcador ata o un a catro tres goles practicamente consecutivos. O dous a un de novo por medio de Lis, tras un pase interior de Rubén, o terceiro de Xabi Domínguez, cun certeiro disparo cruzado, e o cuarto de Guitián tras un par de rexeites na área local.

Con media hora por diante aínda, o Lérez non tivo capacidade de resposta e o Lugo B gañou en confianza ao levar o marcador ata o un a seis final cos goles de Rubén e Lis, que selou o seu hat trick particular pechando a conta.

# Empate estéril en Viveiro

## O REPARTO DE PUNTOS FINAL non satisface a ningún equipo na loita por recortar distancias cos postos de ascenso Á Liga Nacional xuvenil

**VIVEIRO CF** 1 – 1 **COMPOSTELA**

Gol: Javi | Gol: Sergio

1º




**Arbitro:** Jonathan Losada, Pablo Varela e Juan Carlos Polo **Campo:** Marcos Gómez

**GOL DE JAVI** o defensa central asinou o seu primeiro gol da tempada tras inaugurar o marcador ao aproveitar un rexeite logo dun remate de Davia a saída dun córner



O celeste Xavi conducindo o esférico no Marcos Gómez

> "Partido muy igualado en el que al final se nos escaparon dos puntos" ANTONIO SERRANO Viveiro CF

O Viveiro quedouse ás portas de sumar tres puntos que alimentarían o soño de loitar polas primeiras prazas na recta final de tempada. O certo é que os celestes recibían a un dos mellores equipos da competición, o Compostela, con ausencias significativas como as de Jorge, Macly, Ángel e Xoel Eijo. Con todo, os de Antonio Serrano volveron ser competitivos e disputaron un encontro moi esixente e físico ao longo dos noventa minutos.

Na primeira parte a loita librouse no medio campo, moi lonxe das áreas, polo que apenas houbo ocasións claras de gol. O Viveiro foise ao descanso con vantaxe tras inaugurar Javi o marcador ao cuarto de hora, ao aproveitar o rexeite dun remate de David Ben tras un saque de esquina.

**OS MELLORES**

| VIVEIRO CF |
| --- |
| JAVI |
| YAGO |
| JUAN |

A partir do un a cero o Viveiro quixo cederlle a posesión ao Compostela para saír á contra, pero os visitantes non querían complicacións e cun fútbol directo o xogo estivo sen control por parte de ningún equipo.

Xa na segunda parte o Viveiro xogou co marcador. Os de Antonio Serrano limitáronse a defender os pelotazos dun Compostela incapaz de trenzar xogadas e xerar perigo ante Rubén, pero nun balón parado, a dez minutos para o final, os santiagueses atoparon o camiño do gol cun bo remate de cabeza picado ante o que nada puido facer Rubén.

Nos dez minutos finais o partido foi un ida e volta, xa que o empate non satisfacía as necesidades de ningún equipo, polo que os dous terminaron coa liña adiantada pero sen conceder ocasións claras de gol.

# Derrota e conta nova

## A RESIDENCIA perdeu a súa condición de invicto no 2019

**DUMBRÍA** 1 – 0 **RESIDENCIA**




**Goles:** Brais polo Dumbría

**Arbitro:** Adrián Pérez Rellán



Ander presionando a saída de balón dun xogador do Dumbria na ida

> "Estuvimos demasiado espesos a lo largo del encuentro" DANI GALÁN Residencia

A Residencia perdeu a súa condición de único equipo lucense invicto en 2019 dunha categoría superior. Os de Dani Galán deixáronse os tres puntos en Dumbría nun partido que afrontaron coas ausencias de Pablo de la Iglesia, Reigosa e Conde, ademais de Veloso, que xogou pero mermado fisicamente, polo que os da Cheda variaron o que viña sendo o seu sistema de xogo con tres centrais.

A idea era estar serios en defensa e chegar con opcións á segunda parte coincidindo cos minutos de Veloso en campo. Pedro e Ander foron a innovadora parella de puntas e Pedro dispuxo da ocasión máis clara na primeira parte tras unha acción individual na que, pese a ser agarrado, continuou coa acción.

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA |
| --- |
| ÁNGEL |
| GARCÍA |
| BEGONTE |

En defensa a Residencia non pasou por complicacións e ao descanso chegouse co cero a cero inicial.

Nada máis empezar a segunda parte a Residencia amagou de novo co cero a un cun remate claro de Bata tras unha falta lateral colgada por Cumbraos á área. A Resi perdeou e o Dumbría golpeou con máis contundencia ao facer o un a cero tras un saque de esquina.

Con media hora por diante, Dani Galán tirou de Veloso e Fonseca ante un Dumbría que se encerrou para manter a renda.

O árbitro non sinalou un posible penalti sobre Veloso, e Fonseca tivo a última para empatar, pero o balón quedóuselle un pouco atrás antes de rematar desde o punto de penalti.

# O Calasancio agarda polos "reforzos" tralo parón

## RECUPERAN trala sanción a Javi e Jordi e aos lesionados Abel e Maceda

**VERÍN** 5 – 2 **CALASANCIO**




**Goles:** David, Lorenzo (3) e Pablo polo Verín; Nico (2) polo Calasancio.

> "Temos que afrontar os partidos fóra da casa de forma diferente" RUBÉN NÚÑEZ CP Calasancio

O Calasancio fixo augas en Verín nun partido no que os monfortinos non estiveron ao seu mellor nivel. Agora os de Rubén Núñez esperan dar un paso á fronte tralo parón da próximo fin de semana, á vez que recuperan a catro xogadores, os sancionados Javi e Jordi ademais dos lesionados Abel e Maceda.

**OS MELLORES**

| CALASANCIO |
| --- |
| IAGO |
| NICO |
| JUAN |

O Verín foi máis intenso na posta en escena e aos once minutos inaugurou o marcador. O Calasancio intentou adiantar liñas e puido empatar, pero o gol de Jorge foi anulado por fóra de xogo e acto seguido o Verín ampliou a diferenza.

Á media hora Nico recortou distancias ao provocar e transformar un penalti, e o nove monfortino volveu acudir á súa cita co gol para asinar o momentáneo dous a dous ao aproveitar un erro do porteiro local.

A falta de intensidade visitante quedou patente no tres a dous antes do descanso cun centro sen oposición e remate franco dentro da área, mentres que nada máis empezar a segunda parte chegou o catro a dous nun novo erro de vulto, e a partir de aí o Calasancio foi a polo Verín con máis corazón que cabeza e terminou encaixando o cinco a dous final.

# O Lugo olvidou todas as ausencias con goles e vitoria

**BAIXAS** de Pérez, co xuvenil A, Manu e Yago López por lesión e Christian, que volveu á Residencia

| PONTEVEDRA | | CD LUGO |
|---|---|---|
| 1 | | 4 |




**Goles:** Yoel polo Pontevedra, Brian (3) e Javi polo CD Lugo.
**Arbitro:** DaviXartinez e Jose Vale.

## "Tivemos unha boa efectividade en ataque ante un bo equipo" MARTÍN MURADO Lugo

O Lugo segue instalado e firme na cuarta praza da División de Honra cadete tras impoñerse ao Pontevedra por un gol a catro. Os de Martín Murado, lonxe de acusar as ausencias, prepararon o encontro cun sistema de xogo novidoso con tres centrais que deu moi bo resultado e co que os lucenses se sentiron máis arroupados.

Sen Pérez, convocado co xuvenil de División de Honra, nin Manu, lesionado, o Lugo perdía aos seus dous xogadores de banda referentes. Ademais foi ausencia por lesión Yago López, e a baixa definitiva de Christian que volveu á Residencia para intentar o asalto á Liga Galega cadete.

Ante o Pontevedra o Lugo rompeu a igualdade a base de contundencia, xa que nunha primeira parte de poder a poder os lucenses fóronse con cero a dous no marcador tras asinar o primeiro Brian ao aproveitar un pase da morte de Rosón e Siro o cero a dous nunha acción similar pero pola esquerda.

Ao comezo da segunda parte o Pontevedra recortou distancias aos dous minutos e amagou co empate. Con todo, o Lugo mantívose en pé e pasada a hora de xogo Brian ampliou a renda tras un pase de Samu e sentenciou o partido co un a catro nunha acción de nove nato co seu hat trick particular.

# Gran punto do Viveiro

## OS DE LUCHI EMPATARON CO LÍDER e aproveitaron as derrotas dos equipos da zona baixa para ampliar distancias co descenso

| VIVEIRO CF | | BERTAMIRÁNS |
|---|---|---|
| 0 | | 0 |




**Arbitro:** David Jiménez, David Méndez e Jose Vale **Campo:** Municipal Marcos Gómez

**2 BAIXAS**
Luchi tivo que variar a folla de ruta neste encontro para suplir as ausencias de Boixet e Lucas para recibir ao líder da competición no Municipal Marcos Gómez


Huguito realiza un centro pegado nun encontro desta temporada

## "Partido muy duro ante un gran rival, pero tuvimos opciones de ganarlo hasta el pitido final" LUCHI Viveiro Club de Fútbol

O Viveiro sumou un punto que sabe a máis que un empate, xa que este chegou ante o líder da competición. Un Bertamiráns que sen ser o equipo irresistible de inicio de tempada, segue tendo un potencial físico e técnico por encima da media nesta competición.

Desde o inicio o partido foi de gran esixencia física. O Viveiro suscitou o encontro en repliegue para saír á contra coas ideas claras por ambas bandas. De aí a que o Bertamiráns tan só puidese xerar perigo nos primeiros corenta minutos en accións a balón parado, chegando deste xeito a máis clara para os visitantes tras un saque de esquina. A resposta do Viveiro chegou por medio de Luís, tras unha segunda xogada na que o extremo estivo a piques de inaugurar o marcador.

Xa na segunda parte, pese a manterse o mesmo guión, o Viveiro tivo máis presenza en ataque ao dominar as segundas accións nun partido de moitísimo fútbol directo.

Luís volveu ser o xogador que máis preto estivo de romper o cero a cero inicial, primeiro cun remate no que se atopou cun paradón do porteiro visitante e pouco despois cun centro que se paseou pola área sen atopar rematador. Pola súa banda o Bertamiráns continuou buscando ás súas puntas con balóns longos ante os que a zaga celeste estivo de dez ao longo dos oitenta minutos de partido.

Na recta final a balanza puido decantarse para calquera lado, ata con maior insistencia final dun Viveiro que con este empate segue ampliando distancias cos postos de descenso na Liga Galega cadete.

| R. FERROL B | | RC VILLALBÉS |
|---|---|---|
| 2 | | 1 |




**Goles:** Miguel e Pablo polo Ràcing de Ferrol B. Gabriel polo Ràcing Villalbés.
**Arbitro:** Iván García Rey.

# A efectividade manda

## O RÁCING DE FERROL marcou nas súas dúas únicas ocasións


O chairego Noel trata de gañar un balón no campo do Roca

## "Os últimos resultados non poden quitarlle ningún mérito ao temporadón que están facendo estes rapaces" SIMÓN LAMAS RC Villalbés

O Rácing Villalbés perdeu dous partidos seguidos por primeira vez esta tempada na Liga Galega cadete, e os de Simón Lamas fixérono merecendo a vitoria nos dous partidos. A pasada xornada ante o Dumbría en casa e esta en Ferrol, os chairegos foron mellores que o seu rival en todo menos no marcador final, onde a contundencia nas áreas é o que manda.

O Rácing de Ferrol B, máis necesitado de puntos para poñer terra polo medio co descenso, suscitou un partido pechado e físico cun 5-3-2 ante o que ao Villalbés custoulle atopar espazos, sobre todo tralo un a cero ao cuarto de hora na primeira chegada local aos dominios de Pedro.

Sen estar do todo cómodos o Villalbés puido enlazar algunha contra con perigo, e á media hora Gabriel acudiu de novo á súa cita co gol ao transformar un penalti. Con todo, practicamente na súa segunda ocasión, o Rácing de Ferrol B aproveitou unha rápida transición para facer o dous a un antes do descanso.

Na segunda parte Simón Lamas suscitou unha defensa de tres para acumular máis xogadores en ataque. O plan saíu á perfección pero faltou a execución. O Villalbés non concedeu ocasións e tívoas en ataque, sendo as máis claras por medio de Candal e Gesto, Gabi e Gabriel, pero o premio do gol resistiuse nesta segunda parte.

**OS MELLORES**

| RC VILLALBÉS | |
|---|---|
| NOEL | 1 1 1 |
| DANI | 1 1 |
| MARTÍN | 1 |

# A Milagrosa mantén o goteo de puntos

## XUSTO EMPATE A UN EN FRIGSA tralo 0-1 do San Tirso no primeiro minuto de xogo e o 1-1 de Yago na reanudación

**SDC MILAGROSA** 1 – 1 **SAN TIRSO B**

**Gol:** Yago | **Gol:** Criistian




**Arbitro:** Iván Abel, Pedro Castro e Alberto Lago **Campo:** Luis López Gorgoso

> "El primer gol marcó un partido parejo en el que el resultado final es justo"
> MADRILES SDC Milagrosa

A Milagrosa segue alimentando o soño de saír dos postos de descenso tras sumar un punto, que aínda que non satisface as necesidades dos de Madriles, semella xusto e vale para reducir distancias co quinto pola cola, primeiro obxectivo a superar polos de Frigsa tralo parón da próximo fin de semana na Liga Galega cadete.

O partido ante o San Tirso B quedou marcado polo primeiro minuto de xogo, no que os coruñeses adiantáronse no marcador tras unha falta innecesaria na que o balón coouse no fondo da portería.

A partir de aí as présas instaláronse na Milagrosa demasiado pronto ante un San Tirso B que, á contra, daba sensación de perigo en cada momento.

Borja mantivo vivos aos de Madriles con dúas intervencións coas que evitou o cero a dous, e aos poucos a Milagrosa empezou a asentarse no campo e con iso chegaron as súas primeiras ocasións.

Diego Cabarcos tivo un man a man que salvou o porteiro herculino, Yago con dous remates desde dentro da área e Gael cun disparo alto tras un rexeite acariñaron o empate nunha recta final da primeira parte na que a Milagrosa foi mellor.

Tralo paso polos vestiarios mantívose a igualdade, pero con máis control do partido da Milagrosa ante un San Tirso B que dominaba as segundas xogadas nun encontro no que o fútbol directo foi gañado protagonismo.

Yago, que reaparecía tras unha lesión, foi o máis incisivo en ataque e o que asinou o empate tras unha acción individual na que, tras regatear ao porteiro visitante, enviou a pracer e a porta baleira o balón ao fondo das mallas.

**OS MELLORES**

| MILAGROSA | |
|---|---|
| YAGO | 3 |
| MIGUEL | 2 |
| PAJÓN | 1 |

Con media hora por diante os dous equipos buscaron o gol da vitoria, pero priorizando non encaixar. Borja non tivo que intervir e a Milagrosa en ataque tivo a máis clara cun remate de Juan tras unha serie de rexeites na área visitante que despexou un xogador do San Tirso B.

Tralo parón a Milagrosa visita ao Galicia Caranza, que acumula tres derrotas seguidas, e recibe ao Villalbés en Frigsa.


Yago rematando a portería entre dous defensas rivais



Denís encarando a un rival tres regatear a súa marca


Miguel presionando a xogador coruñés ante Pajón e Róber

# O Lugo B recibe o parón con bo gusto


Manel anticipándose nun balón dividido a un rival


Hugo vaise por velocidade dun xogador do Dumbria

## DÚAS SEMANAS POR DIANTE DE ADESTRAMENTOS SEN COMPETICIÓN para reconducir a dinámica de resultados

**CD LUGO B** 2 – 3 **DUMBRÍA**

**Goles:** Hugo e Leo. | **Goles:** Martín, Raúl e Nicolás.




**Arbitro:** Alejandro Vázquez, José Luis Cabanas e Ángel Rodríguez **Campo:** A Fonte, Cospeito

As competicións superiores teñen xornada de parón a próxima fin de semana polos compromisos das seleccións galegas e ao Lugo B chégalle en moi bo momento. Os de Seoane esgotaron xa o colchón de puntos cos postos de descenso que se complican por arrastres da División de Honra.

Ben é certo que as sensacións do equipo son mellores que os resultados e unha nova proba diso viuse na Fonte ante o Dumbría, segundo clasificado que se levou todo o botín sen merecelo.

O Lugo B dominou o partido a partir da posesión ao longo do encontro. Con cero a cero no marcador, tres chegadas de Nodar por banda dereita serviron de ocasións para Freire, Luís e Jorge, pero a pegada correu a cargo dun Dumbría que fixo o cero a un tras un saque de esquina nunha das súas primeiras aproximacións aos dominios de Jacobo, pero Hugo, ao aproveitar un rexeite cun disparo desde fóra da área tras un córner, fixo o empate a un antes do descanso.

O Lugo B tivo que remar contracorrente de novo tralo descanso ao adiantarse o Dumbría, de novo na súa primeira chegada na segunda parte.

> "Cumprido o obxectivo do esforzo, que é o único que podemos controlar"
> SEOANE CD Lugo

O Lugo B tivo unha boa reacción e dispuxo de ocasións para volver a empatar antes de que chegase o un a tres cunha falta desde medio campo. Os de Seoane non se renderon e tras recortar distancias cun gol de falta directa de Leo, déronlle emoción a uns minutos finais nos que o premio do empate resistiuse.

# Excesivo castigo do Lalín en Frigsa

## TRAS UNHA PRIMEIRA PARTE IGUALADA e un esperanzador inicio da segunda, a Milagrosa viuse abaixo

**MILAGROSA** 1 – 8 **EF LALÍN**

**Goles:** Bruno Vasco.

**Goles:** Manuel (3), Hugo (3), Lois e Manu.




**Arbitro:** Pedro Castro, Fernando Díaz e Alejandro Cillero. **Campo:** Luis López Gorgoso

"Esta categoría exige estar a un buen nivel a lo largo de todo el encuentro" MADRILES Milagrosa

**13 DÍAS** por diante sen competición polo parón da próxima fin de semana antes de visitar á Residencia no derbi capitalino




David anticipándose a un xogador do Lalín en medio campo



Bruno Vasco na arrancada dende medio campo que supuxo ao 1-2



Mauro trata de frear o avance dun xogador do Lalín

O Lalín infrinxiu un castigo excesivo á Milagrosa na segunda parte en Frigsa que desencadeou no un a oito final. Un marcador moi avultado para o visto sobre o terreo de xogo, especialmente na primeira parte que terminou con un a dous pero con chegadas con perigo para unha Milagrosa que puido irse aos vestiarios ata con vantaxe.

O cero a un chegou aos sete minutos no primeiro despiste local en defensa que foi castigado polo Lalín, mentres que no ecuador da primeira parte chegou o un a dous cunha vaselina desde a frontal da área. A partir de aí a Milagrosa, lonxe de baixar os brazos, deu un paso á fronte. Álex tivo unha clara ocasión para recortar distancias cun remate desde dentro da área pequena, pero acto seguido sería Bruno Vasco o que fixo o un a dous tras unha gran xogada individual que finalizou cun disparo desde fóra da área.

Ao descanso os de Madriles fóronse con boas sensacións e estas confirmáronse nos primeiros minutos da segunda parte. Con todo, cando mellor estaba a Milagrosa e máis preto parecía o empate a dous, chegou o xerro de auga fría co un a tres. Un gol que sentenciou o encontro e minou a moral dunha Milagrosa que baixou os brazos nun partido con pouco fair play do Lalín ao tirar un penalti, que fallou, o porteiro visitante con un a sete no marcador.

Ao final o avultado oito a un semella un castigo excesivo para o visto no terreo de xogo, pero xusto ao deixarse levar a Milagrosa na recta final do encontro disputado no Luis López Gorgoso de Frigsa.

**OS MELLORES**

| MILAGROSA | |
|---|---|
| BRUNO V. | ⚽⚽⚽ |
| LEO | ⚽⚽ |
| DIEGO | ⚽ |

### Derbi

Tralo parón da próximo fin de semana en todas as competicións superiores, a Milagrosa visita á Residencia no primeiro derbi desta segunda fase. Os de Madriles e Kaiser xa se viron as caras na primeira fase nun encontro dominado e gañado polos da Cheda.

# A Residencia cae nun duelo de dúas caras moi distintas

## 0-0 AO DESCANSO, mentres que na segunda metade o San Tirso foi superior

**SAN TIRSO** 5 – 0 **RESIDENCIA**




**Goles:** Alejandro, Diego, Adrián, Lucas e Martín.

"Boa primeira parte, pero acabamos desaparecendo por completo na segunda metade" KAISER SDC Residencia

A Residencia deixouse todo o botín en xogo na Coruña tras perder por cinco goles a cero ante o San Tirso, nun encontro con dous partes moi distintas. Na primeira, incluso a Residencia foise aos vestiarios con mellores sensacións, mentres que no marcador mantíñase o cero a cero inicial.

**OS MELLORES**

| RESIDENCIA | |
|---|---|
| IVÁN | ⚽⚽⚽ |
| ALONSO | ⚽⚽ |
| MAEL | ⚽ |

O San Tirso quixo o balón desde o inicio, pero non puido xerar ocasións ante unha Residencia ben organizada e que aos poucos foi tendo máis protagonismo co balón, ata Alonso dispuxo de dúas ocasións para chegar ao descanso con vantaxe.

Tralo paso polos vestiarios, o partido cambiou por completo. A posta en escena local arroiou aos lucenses con dous goles nos primeiros tres minutos da reanudación. A partir de aí, o San Tirso coa moral polas nubes castigou a unha Residencia que baixou os brazos encaixando un cinco a cero que os de Kaiser tiveron oportunidade de maquillar na recta final, ao xogar en superioridade en numérica trala expulsión do porteiro local.

Tralo parón da próximo fin de semana, a Residencia recibe á Milagrosa no derbi provincial.

# Unha vez máis, mellor xogo do que indica o marcador final

## O CALASANCIO tivo máis ocasións, pero a efectividade correu a cargo do Salgueiriños

**CALASANCIO** 0 – 1 **SALGUEIRIÑOS**




**Goles:** Iago polo Salgueiriños.

"Llegamos y no marcamos, y el rival con nada nos hace gol y se lleva los puntos. Mucho ánimo a Brais, todo el equipo está contigo" MANU Calasancio

O Calasancio volveu facer máis méritos do que indica o marcador final nun partido marcado pola ausencia de Toni, por lesión, e a baixa de última hora de Brais Mariño, ao que todo o equipo lle desexa unha pronta recuperación mostrándolle todo o seu apoio.

**OS MELLORES**

| CALASANCIO | |
|---|---|
| CEREIJO | ⚽⚽⚽ |
| CARMEN | ⚽⚽ |
| NACHO | ⚽ |

O Salgueiriños presentouse en Monforte cun plan moi definido, con 5 defensas, co equipo en repliegue e cun gran potencial físico en todos os seus xogadores, polo que o Calasancio tívose que armar de paciencia desde o inicio e minimizar as perdas para evitar as contras.

Na primeira parte apenas houbo ocasións claras de gol, mentres que na segunda o Calasancio deu un paso á fronte ata que chegou a xogada clave na que un man a man de Nacho fora da área terminou co balón en Cereijo, que rematou por riba da portería defendida por un xogador de campo. Na seguinte acción o Salgueiriños fixo o 0-1 nun córner e aínda que o Calasancio non baixou os brazos o botín escapouse nos Escolapios.

# Reacción e vitoria ao grande

**TRALO UN A CERO AO DESCANSO** o Arosa remontou nos primeiros minutos da segunda parte, pero cando peor pintaban as cousas o Lugo deulle a volta con tres goles



Dani nunha das súas múltiples internadas pola banda




**Arbitro:** Álvaro Valín, Alejandro Luna e Carlos Casas **Campo:** Rodríguez Lago, As Gándaras



Jorge impoñéndose nun balón aéreo nas Gándaras



O albivermello Luisma recibe unha falta en área rival

> "Sin estar acertados como en otros partidos el equipo tuvo fe y consiguió los tres puntos" DANI GALÁN CD Lugo



Antón encarando a un rival ante a mirada de Manu

O Lugo volveu á senda da vitoria no Galego infantil pese a contar coas ausencias de Iker e Moha, flamantes campións da Dubai Intercontinental Cup celebrada a pasada semana nos Emiratos Árabes, Torneo ao que acudiron co Celta de Vigo.

Nas Gándaras o Lugo tivo unha boa resposta trala derrota na Madroa. Os de Dani Galán recibiron ao Arosa e dominaron o partido nos primeiros minutos con dúas ocasións claras de Ayman, pero o un a cero resistiuse ata o ecuador da primeira parte na que o propio Ayman aproveitou un erro da zaga visitante.

Ata o descanso as forzas iguálaronse, pero tralo paso polos vestiarios o Arosa tivo unha mellor posta en escena e plasmouno no marcador con dous goles cos que lle daba a volta ao marcador.

Con menos de media hora por diante, Dani Galán suscitou unha defensa de tres centrais e coa entrada de Manu o equipo foi máis fluído á vez que contou coa pegada de Pérez, autor de dous goles en apenas dez minutos, o primeiro á saída dun córner e o segundo cun remate de cabeza tras un gran centro de Dani, mentres que a guinda á remontada púxoa Buide cun remate, de novo tras un saque de esquina ao anticiparse no primeiro pau.

**OS MELLORES**

| CD LUGO | |
|---|---|
| BUIDE | 1 1 1 |
| DANI | 1 1 |
| LUISMA | 1 |

## TROFEO JORGE TATO
### XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| ÁLEX RAMOS | CD Lugo | 10 |
| VELOSO | Residencia | 10 |
| JAIRO | Viveiro CF | 10 |
| CHRISTIAN | CD Lugo | 9 |
| DAVID LÓPEZ | RC Villalbés | 8 |
| JORGE | Calasancio | 7 |
| NICO | Calasancio | 6 |
| FONSECA | Residencia | 6 |
| DANI A. | CD Lugo B | 5 |
| YAGO | CD Lugo B | 5 |
| MOREDA | RC Villalbés | 5 |
| BATALLÓN | Residencia | 5 |
| CONDE | Residencia | 5 |
| VIDAL | CD Lugo | 4 |
| GABARRE | CD Lugo | 4 |
| XABI B. | CD Lugo B | 4 |
| LIS | CD Lugo B | 4 |
| ÓSCAR | RC Villalbés | 4 |
| PABLO C. | Viveiro CF | 4 |
| JORGE | Viveiro CF | 4 |
| BORJA | Viveiro CF | 4 |
| CARLOS | Viveiro CF | 4 |
| JUAN | Viveiro CF | 4 |
| SERGI | Calasancio | 3 |
| JORDI | Calasancio | 3 |
| PABLO | Calasancio | 3 |
| SCHUSTER | CD Lugo | 3 |
| JUAN C. | CD Lugo B | 3 |
| NOEL | RC Villalbés | 3 |

## Regularidade
### XUVENIL SUPERIORES

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| ANXO | RC Villalbés | 30 |
| JUAN | Viveiro CF | 26 |
| XABI B. | CD Lugo B | 21 |
| JAIRO | Viveiro CF | 18 |
| GARCÍA | Residencia | 17 |
| MACLY | Viveiro CF | 16 |
| PORTO | CD Lugo B | 15 |
| XOEL EIJO | Viveiro CF | 15 |
| ANDRÉS | Calasancio | 14 |
| RARES | RC Villalbés | 14 |
| ÁNGEL | Residencia | 14 |
| ÁLEX | Calasancio | 13 |
| JORGE | Calasancio | 13 |
| ÓSCAR | RC Villalbés | 13 |
| YAGO | Viveiro CF | 13 |
| IAGO | Calasancio | 12 |
| RUBÉN | CD Lugo B | 12 |
| NOEL | RC Villalbés | 12 |
| CONDE | Residencia | 12 |
| PABLO D. | Residencia | 12 |
| ABEL | Calasancio | 10 |
| SERGI | Calasancio | 10 |
| JUAN | Calasancio | 10 |
| NICO | Calasancio | 10 |
| FONSECA | Residencia | 10 |
| MOREDA | RC Villalbés | 9 |
| HERRERO | RC Villalbés | 9 |
| REIGOSA | Residencia | 9 |
| BRAIS | Calasancio | 8 |
| DANI A. | CD Lugo B | 8 |

## Pichichi
### CADETE SUPERIORES

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
De cara aos 8 partidos que restan deste Provincial chairego é o único que loitará por arrebatarlle unha das tres primeiras prazas ao triunvirato mariñao de Ribadeo, Burela e Viveiro.

Trala vitoria fronte ao Becerreá os de Jandro Novoa contan con 16 puntos, sete por riba do quinto clasificado e dous menos que o Viveiro, terceiro.

Pese ao avultado do resultado, o encontro reforza a idea dos de Nico Longhini, que plantan cara a tódolos rivais da competición e, por momentos, como neste partido, móstranse incluso superiores.

Así, de inicio, un Becerreá moi ben plantado no campo creou perigo aos locais, sobre todo a balón parado. E pese a que o Rácing se adiantou, o seguido Carlos devolveu as táboas ao marcador tras un saque de esquina.

> “Con el paso de los minutos supimos interpretar mejor lo que pedía el partido ” JANDRO NOVOA RC Villalbés

> “Seguimos haciéndolo bien ante rivales muy competitivos, pero el desgaste físico nos pasa factura. En este partido nos sobraron 20 minutos” NICO LONGHINI SD Becerreá

Pouco antes do descanso Brais volvía adiantar ao Villalbés e, tralo paso polos vestiarios, moi pronto Carlos facía o 3-1 que poñía o partido moi de cara para os locais.

O Becerreá arriscou en busca de reducir distancias e o Rácing aproveitou os espazos á contra para sentenciar definitivamente o encontro ata o 7-1 final.

# Unha parte para cada un

**SAGRADO E SARRIANA** repartiron os puntos no encontro máis igualado da fin de semana. Ambos equipos acumulaban varias xornadas sen sumar

**SAGRADO CORAZÓN 2 – 2 SD SARRIANA**

**Goles**: David Basadre (2).

**Goles:** Saúl e Xoel.




**Arbitro:** Ismael Martínez Carregal **Campo:** Rodríguez Lago 2

> "Un día más de buenas sensaciones, éxitos y errores. En conclusión, aprendizaje para añadir en el proceso de nuestros jóvenes futbolistas"
> ALBERTO PÉREZ Sagrado Corazón

> "Primeira metade para olvidar e mal partido en xeral. Temos que cambiar a actitude"
> RAÚL SD Sarriana

**OS MELLORES**

| SAGRADO C. | | SARRIANA | |
|---|---|---|---|
| JARNO | 3 | SAÚL | 3 |
| BASADRE | 2 | XOEL | 2 |
| FRAN | 1 | CARLITOS | 1 |

**4º**

**EMPATE** no que vai de Provincial para o Sagrado Corazón, que levaban non puntuaban dende a terceira xornada. A Sarriana volve facelo logo de tres derrotas consecutivas

Os branquiazuis levaban catro semanas sen puntuar tras conseguir tres empates nas tres primeiras xornadas. Os da Ribela comezaron o Provincial con dúas vitorias, pero nos últimos encontros acumularon tres derrotas que os afastaron dos tres primeiros postos, polo que os obxectivos na segunda volta serán outros.

No encontro do pasado sábado no Rodríguez Lago saíron mellor os locais, presionando en campo contrario. Así, practicamente na primeira xogada do encontro, David Basadre adiantaba aos branquiazuis nunha xogada de contraataque. A Sarriana, pola súa banda, era incapaz de crear perigo en campo contrario, e o Sagrado tiña dúas claras ocasións –unha falta directa ao largueiro de Adrián e un disparo á madeira de Basadre– antes de que o punta branquiazul ampliara de novo a vantaxe co 2-0 e co seu gol número 20 nesta temporada, resultado co que se chegaría ao descanso.

Tralo paso polos vestiarios o guión cambiou. A Sarriana saíu máis enchufada e tivo o mando do encontro e tamén as ocasións máis claras.

Saúl Fernández recortaba distancias tras unha gran xogada personal na que el mesmo roubaba o balón en medio campo para envialo ao fondo da rede cun disparo lonxano. Os de Raúl fóronse a polo empate e, con vinte minutos aínda por diante, Xoel facía o 2-2 tras interceptar un pase ao porteiro branquiazul. De aí ao final o resultado xa non se movería.

A próxima fin de semana dá comezo a segunda volta do Provincial infantil. O Sagrado Corazón xogará de novo como local ante o Becerreá, mentres que a Sarriana afrontará a súa xornada de descanso e volverá á competición o nove de marzo, tralo parón da competición polo Entroido.


Rubén protexendo o esférico de espaldas a Fran


O sarriao Nacho e Basadre loitan por un balón aéreo


O branquiazul Berto faise co balón presionado por Xoel

# O Viveiro só sabe gañar no 2019

**OS DE ANTONIO SERRANO** suman por triunfos os cinco encontros disputados este ano e encaran o segundo tramo do Campionato dende o terceiro posto

| VIVEIRO SD 11 | RESIDENCIA B 2 |
|---|---|
| Álvaro | Nico |
| Naim | Yoel |
| Javi | Noel |
| Carlos | Anxo |
| Marc | S. Vivero |
| Dani M. | Óscar (2) |
| Adri (3) | Xabi (1) |
| Martí | Pedro |
| Samu | Aarón |
| Bruno (1) | Unai |
| Óscar (2) | S. Vélez (3) |
| Dani D. | Hugo Dono |
| Isra | Moste |
| Ricardo | |
| David A. | |
| Juan L. | |

**Goles:** Carlos, Marc, Adri (3), Martí (2), Samu, Bruno, Óscar e Isra para o Viveiro. Santi Vélez (2) para a Resi.

**Arbitro:** Juan Carlos Polo Fernández

Tras comezar o Provincial gañando ao CD Lugo B os celestes acumularon dúas derrotas consecutivas fronte a Burela e Ribadeo. O parón de Nadal pareceu sentarlles ben aos viveirenses, xa que dende entón só saben sumar de tres en tres e, tras finalizar esta fin de semana a primeira volta do Provincial, ocupan o terceiro posto que dá dereito a disputar a fase de Ascenso á Liga Galega infantil.

A Residencia B, un equipo formado integramente por xogadores de primeiro ano, buscará no segundo tramo da competición a súa mellor versión de cara a preparar xogadores que a próxima tempada poderían xogar en Liga Galega.

O encontro que mediu a ambos equipos no Marcos Gómez quedou practicamente visto para sentenza nos primeiros quince minutos, nos que os celestes marcaron 4 goles. A partir de aí o Viveiro baixou un pouco o ritmo, as forzas igualáronse e antes do descanso víronse dous goles máis, un para cada equipo. Tralo descanso a Residencia recortou de novo distancias, co 5-2 obra de Santi Vélez, e de aí ao final o Viveiro continuou co seu acerto de cara a portería ata o definitivo 11-2.

> "Los quince primeros minutos pusieron muy de cara el partido"
> ANTONIO SERRANO Viveiro SD

> "Los chicos se están esforzando en cada momento del partido y tarde o temprano van a conseguir el fruto de sus esfuerzos en forma de resultados"
> ADRIÁN SUÁREZ SDC Residencia B

## CLASIFICACIÓNS

### INFANTIL Promoción Ascenso

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Sagrado C. – Sarriana | 2-2 |
| RC Villalbés – Becerreá | 7-1 |
| SD Viveiro – Residencia B | 11-2 |
| Burela SD – CD Lugo B | 5-2 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SD RIBADEO | 20 | 8 | 6 | 2 | 0 | 27 | 7 |
| BURELA SD | 18 | 7 | 6 | 0 | 1 | 33 | 13 |
| SD VIVEIRO | 18 | 8 | 6 | 0 | 2 | 34 | 17 |
| RC VILLALBÉS | 16 | 8 | 5 | 1 | 2 | 42 | 14 |
| SD SARRIANA | 9 | 8 | 2 | 3 | 3 | 16 | 24 |
| CD LUGO B | 8 | 8 | 2 | 2 | 4 | 27 | 26 |
| SAGRADO A | 4 | 8 | 0 | 4 | 4 | 14 | 33 |
| RESIDENCIA B | 4 | 8 | 1 | 1 | 6 | 13 | 54 |
| BECERREÁ | 1 | 7 | 0 | 1 | 6 | 10 | 28 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Burela SD - SD Ribadeo
RC Villalbés - Resi B
SD Viveiro - CD Lugo B
Sagrado A - Becerreá

### INFANTIL Play-Off

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| CD Castro – CD Foz | 4-6 |
| Piringalla A – Polvorín A | 2-2 |
| Palas – Antas | 6-0 |
| Lourenzá – Ferroviaria | 7-0 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| LOURENZÁ | 24 | 8 | 8 | 0 | 0 | 61 | 3 |
| POLVORÍN A | 18 | 9 | 5 | 3 | 1 | 28 | 11 |
| PALAS | 17 | 9 | 5 | 2 | 2 | 26 | 18 |
| PIRINGALLA A | 13 | 8 | 4 | 1 | 3 | 23 | 28 |
| FOZ | 13 | 8 | 4 | 1 | 3 | 30 | 25 |
| ANTAS | 6 | 9 | 2 | 0 | 7 | 14 | 58 |
| CD CASTRO | 6 | 8 | 2 | 0 | 6 | 15 | 29 |
| FERROVIARIA | 1 | 9 | 0 | 1 | 8 | 12 | 37 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Polvorín - Foz
Ferroviaria - Palas
Antas - Piringalla A
Lourenzá - Castro

### INFANTIL Torneo Delegación

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Sagrado B – At. Abuín | 6-2 |
| Viveiro CF – Corgo | 7-0 |
| Casás – Piringalla B | 2-2 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CP CASÁS | 20 | 8 | 6 | 2 | 0 | 44 | 14 |
| RC VILLALBÉS B | 16 | 6 | 5 | 1 | 0 | 36 | 14 |
| VIVEIRO CF | 11 | 7 | 3 | 2 | 2 | 24 | 20 |
| PIRINGALLA B | 9 | 7 | 2 | 3 | 2 | 21 | 11 |
| SAGRADO C. B | 8 | 8 | 2 | 2 | 4 | 20 | 25 |
| AT. ABUÍN | 5 | 8 | 1 | 2 | 5 | 14 | 35 |
| CORGO | 3 | 8 | 1 | 0 | 7 | 11 | 51 |

**PRÓXIMA XORNADA**

At. Abuín - RC Villalbés B
Piringalla B - Viveiro CF
Corgo - Sagrado B

**PLAY OFF | TORNEO DELEG.**

## O Lourenzá é o único infantil que conta por vitorias todos os partidos

Nesta segunda fase, nos tres grupos nos que se dividiu a categoría, tódolos equipos cederon algún punto a excepción do laurentino.

Os de Michael suman oito triunfos noutras tantas xornadas e son o líder destacado no grupo Play Off, seis puntos por riba do segundo clasificado, o Polvorín. Os amarelos empataron o seu encontro fronte a Piringalla A, mentres que Foz e Palas gañaron os seus encontros.

No Torneo Delegación sumaron tres puntos esta fin de semana Sagrado B e Viveiro. O líder do grupo, Casás, cedeu dous no partido que os mediu á Piringalla B.

## Pichichi
CADETE PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| SAMU | Ribadeo | 24 |
| DANI | Burela SD | 22 |
| ISMAEL | CD Foz | 19 |
| DAVID | Sagrado | 17 |
| DHOMI | Polvorín A | 16 |
| MANU COUCE | Polvorín A | 15 |
| MANOEL | Residencia A | 15 |
| HAMZA | Sarriana A | 15 |
| LOMBARDÍA | Residencia A | 14 |
| ISMA | Monterroso | 13 |
| ABUÍN | CD Foz | 11 |
| MARTÍN | Residencia A | 10 |
| HUGO SOTO | Burela SD | 9 |
| MANU | Castro | 9 |
| SERGIO | CD Foz | 9 |
| SAMUEL | Polvorín A | 9 |
| CANCIO | Residencia A | 9 |
| DEL VISO | Ribadeo | 9 |
| IVÁN | Ribadeo | 8 |
| ROI | Ribadeo | 8 |
| LUCAS | CD Foz | 7 |
| RAÚL | Monterroso | 7 |
| ÁLEX FDEZ. | Polvorín A | 7 |
| MIGUEL | Ribadeo | 7 |
| YONI | Sagrado | 7 |
| AYÁN | Sarriana A | 7 |
| ADRIÁN | Burela SD | 6 |
| RIVEIRA | Castro | 6 |
| IVÁN | Monterroso | 6 |
| DAVID | Polvorín A | 6 |
| VICTOR | Residencia A | 6 |
| BORJA | Ribadeo | 6 |
| DAVID OTERO | Burela SD | 5 |
| JOSE | CD Foz | 5 |
| PABLO | CD Foz | 5 |
| SANTI | Monterroso | 5 |
| MARTÍN R. | Monterroso | 5 |

## Regularidade
CADETE PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| DANI | Burela SD | 25 |
| CARLOS | CD Foz | 25 |
| JAVI PÉREZ | Ribadeo | 20 |
| ISMA | Monterroso | 18 |
| CANCIO | Residencia A | 17 |
| ADRIÁN | Burela SD | 16 |
| ABUÍN | CD Foz | 16 |
| DAVID | Sagrado | 15 |
| RICARDO | Sarriana A | 15 |
| LOMBARDÍA | Residencia A | 14 |
| MANU | Castro | 13 |
| ÁLVARO | CD Foz | 13 |
| SERGIO | CD Foz | 13 |
| DAVID OTERO | Burela SD | 12 |
| ANXO | Burela SD | 12 |
| ÁLEX | CD Foz | 12 |
| ANDRÉS | Polvorín A | 12 |
| DEL VISO | Ribadeo | 12 |
| MIGUEL | Castro | 11 |
| IVÁN | Monterroso | 11 |
| JAVI | Polvorín A | 11 |
| MANU COUCE | Polvorín A | 11 |
| SAÚL | Sarriana A | 11 |
| ISMAEL | CD Foz | 10 |
| XES | Monterroso | 10 |
| GUILLE | Residencia A | 10 |
| MALLO | Sagrado | 10 |
| AYÁN | Sarriana A | 10 |
| HUGO SOTO | Burela SD | 9 |
| ARCADIO | Castro | 9 |
| PABLO | CD Foz | 9 |
| ÁLEX VV | Monterroso | 9 |
| GABI | Monterroso | 9 |
| MANU | Monterroso | 9 |
| MARTÍN R. | Monterroso | 9 |
| ÁLEX FDEZ. | Polvorín A | 9 |
| MARCOS L. | Polvorín A | 9 |
| IGNACIO | Polvorín A | 9 |


Raúl trata de protexer o balón ante Balseiro


Samu leva o balón con velocidade ante Rafa


Brais Gómez e Alexandre forcexean na banda

# Partido cómodo para a Residencia na Cheda

**O 1-0 DE MANOEL** abriu o camiño da vitoria para os branquiazuis, que son segundos cos mesmos quince puntos que o Polvorín na clasificación

**RESIDENCIA 5 - 0 BURELA**

**Goles:** Raúl (2), Manoel, Rubén e Lombardía.




**Arbitro:** David Rodríguez López. **Campo:** A Cheda

### OS MELLORES

| RESIDENCIA | | BURELA | |
|---|---|---|---|
| RUBÉN | 3 | SERGIO | 3 |
| BRAIS L. | 2 | HUGO SOTO | 2 |
| MARCO | 1 | BALSEIRO | 1 |

"Bo partido en liñas xerais aínda que, sobre todo na segunda parte, nos faltou ritmo"
ADRIÁN VÁZQUEZ Residencia

"A pesar da derrota ante un conxunto superior, este partido serviunos para buscar cousas novas de cara ao futuro"
RAMIRO Burela


Hugo Soto e Rubén ante un balón dividido na Cheda

Vitoria da Residencia, que se impuxo con comodidade ao Burela.

Os locais adiantáronse arredor do minuto 20 ao transformar un córner a favor do Burela nunha contra letal que culminou Manoel tras controlar un balón á espalda da defensa. Se o dominio local xa se fixo notar desde o inicio de partido, o 1-0 liberou á Residencia de calquera ansiedade e seguiron 60 minutos prácidos nos que o Burela, centrado en labores defensivas, apenas inquietou a meta defendida por Alex.

Antes do descanso, os branquiazuis puxeron terra polo medio con goles de Raúl, nun segundo remate tras un rexeitamento na área, e de Rubén, nunha xogada individual.

Na segunda metade a Residencia baixou o ritmo, pero bastoulle para ampliar a conta co segundo de Raúl e co quinto, de Lombarída, que rematou unha acción pola banda de Martín.

Foi a primeira vitoria folgada para a Residencia que, despois da superioridade amosada na maioría dos partidos da primeira fase, tivo que adaptarse as maiores esixencias do campionato Provincial.

# Pablo López igualou o gol de Louzao

**OS LOCAIS ADIANTÁRONSE** na primeira metade, pero no treito final do partido a Sarriana dispuxo da ocasión máis clara para desnivelar o marcador cun balón ao pau

| MONTERROSO 1 | | SARRIANA 1 | |
|---|---|---|---|
| Kevin | | David G. | |
| Óscar | 2 | Ricardo | |
| Diego | | Barrio | 3 |
| Xes | | Munir | |
| Roi | | Gallego | |
| Martín R. | | Saúl | |
| Raúl | 1 | Hamza | |
| Manu | | López | 2 |
| Gabi | | Cao | |
| Louzao | 3 | David V. | |
| Isma | | Ayan | 1 |
| Iván | | Ángel | |
| Lucas | | Michi | |
| Martín P. | | Miguel | |
| Santi | | | |
| Artai | | | |

**Goles:** Louzao polo Monterroso; Pablo López para a Sarriana.

**Arbitro:** LODEIRO SARMIENTO, ANTON

"Partido igualado e resultado final xusto"
ADRIÁN VÁZQUEZ Monterroso

"Bien competido. Esta es la línea a seguir de cara a los próximos partidos"
LUISMA Sarriana

Monterroso e Sarriana vianse as caras por terceira vez na temporada despois de competir no grupo Sur durante a primeira fase. Os precedentes - 1 a 2 na ida para o Monterroso e 1 a 2 na volta para a Sarriana - apuntaban a un partido igualado, como finalmente se viu nos Cerdeiriños.

O encontro comezou mellor para os locais, que se adiantaron aos dez minutos de xogo cun remate de Louzao dentro da área. O gol foi das poucas ocasións que se viron nunha primeira parte de moita disputa na que ningún dos dous equipos conseguiu impoñer o seu dominio.

Nada mais comezar a segunda metade, a Sarriana conseguiu igualar o encontro. O gol chegou nunha falta lonxana colgada á área de Pablo López que se acabou coando na portería.

O empate deu ás á Sarriana que, nos seguintes minutos, quixo aproveitar o seu momento no partido para poñerse por diante. Hamza tivo a ocasisón máis clara para facelo, cun remate que se foi contra a madeira.

O empuxe da Sarriana foi cedendo e o partido volveuse igualar no tramo final, no que ningún dos dous equipos conseguiu chegar con claridade para desnivelar o marcador.

Ambos conxuntos chegan ao final da primeira volta igualados a sete puntos, con dúas vitorias e un empate nos seus casilleiros.

# Dhomi asinou o triunfo

**DO POLVORÍN,** que remata a primeira volta como líder do campionato provincial. O tanto do dianteiro amarelo deixou sen premio ao Sagrado

| SAGRADO | | POLVORÍN |
|---|---|---|
| 0 | 1 | Goles: Dhomi |




**Arbitro:** Fernando Diaz Martínez **Campo:** Rodríguez Lago-As Gándaras

**"Una pena. Hicimos un grandísimo esfuerzo para como mínimo puntuar"** BRAIS ROZADOS Sagrado Corazón

**"Tres puntos para ir recuperando sensaciones"** CABALLERO Polvorín FC

**OS MELLORES**

| SAGRADO | | POLVORÍN | |
|---|---|---|---|
| MALLO | 1. 1. 1. | MANU C. | 1. 1. 1. |
| CARLOS | 1. 1. | CONDE | 1. 1. |
| SAMUEL | 1. | IGNACIO | 1. |

O Polvorín logrou no Municipal Rodríguez Lago das Gándaras un triunfo pola mínina suficiente para manter o liderado, pero non para recuperar as sensacións perdidas nas últimas xornadas deste Provincial cadete por parte dos de Caballero.

O xogo dos amarelos perdeu brillo e iso nótase cara a portería rival. Se a semana pasada, contra a Residencia, acababan por primeira vez un partido sen marcar, o domingo, contra Sagrado, o balance ofensivo tamén foi escaso.

Un gol de Dhomi nun córner foi o que rompeu a igualdade no campo das Gándaras cando restaba pouco do máis dun cuarto de hora para o final.

Sagrado Corazón, plantado en tres cuartos de campo, deixoulles levar o peso do partido aos visitantes, que tiñan o balón pero sen crear ocasións. Os de Caballero superaban ben a primeira presión, de David e Samuel, pero, a partir de aí, non conseguían a fluidez suficiente para sorprender á defensa local.

Así, na primeira parte, o partido discorreu polos cauces que previa o Sagrado Corazón, que tivo a mellor ocasión nun balón interior que controlou e rematou Sergio, pero que parou Álex López.

A necesidade apremiaba máis ao Polvorín, necesitado dos puntos polas victorias de Residencia e Ribadeo, cos que terá que pelexar polas dúas prazas de arriba.

A urxencia impulsou aos visitantes que, na segunda metade, apretaron máis arriba, transmitindo maior sensación de perigo que na primeira parte.

A entrada de Alberto Vázquez e Ignacio deulle outro aire ao equipo amarelo, que conseguía trenzar xogadas e chegar a liña de fondo en accións polas bandas.

Nunha delas propiciaron o córner no que marcarían o gol da vitoria. Alberto Díaz puxo o balón para o remate de Dhomi, que fixo o 0-1 nunha das poucas concesións que os locais fixeron en tarefas defensivas.

**1**

**GOL EN 180 MINUTOS**
Tras deixar a porteria a cero a semana pasada ante a Residencia, os amarelos seguen a arrastrar a falta de acerto no último pase. De feito, o único gol que anotaron contra o Sagrado Corazón chegou nunha acción a balón parado: un saque de esquina que rematou Dhomi.


Dhomi tratando de controlar o esférico ante Samuel


Fer consegue marchar da presión do xogador local Yoni


Lucas leva o esférico con velocidade, ao fondo, Sergio

# O Ribadeo, preparado para o asalto

**OS DE COTO,** que teñen un partido menos, están a tres puntos de Polvorín e Residencia, que ocupan agora as dúas primeiras prazas no Provincial cadete

| RIBADEO 5 | FOZ 0 |
|---|---|
| Iñaki | Álvaro |
| Iván Moreda | Álex |
| M. Andina | Adan |
| Borja | Carlos 1. 1. 1. |
| Brais | Mateo |
| Javi Pérez 1. | Sergio 1. 1. |
| Del Viso 1. 1. 1. | Samuel |
| Diego | Riki |
| Samuel 1. 1. | Abuín 1. |
| Nico | Pablo |
| Roi | Ismael |
| Lucas | Diego |
| Gabri | Jose María |
| J. Andina | Youssef |
| Javi Peña | |

**Goles:** Miguel Andina, Roi, Samuel, Javi Andina e Iván Moreda.

**Arbitro:** VAZQUEZ ALEMPARTE, ABRAHAM

Cuarta vitoria do Ribadeo, que asexa Polvorín e Residencia, aos que ten a tres puntos pero cun partido por xogar. Os ribadenses acumulan puntos e confianza a base de goles: 12 nos dous últimos encontros.

Contra o Foz o partido rompeouse tras o 2-0, no inicio da segunda metade. Antes do descanso viuse un partido disputado. O Ribadeo comezou mellor, creando un par de ocasións, pero o Foz foise entonando e mantivo o 0-0 no marcador ata un minuto antes do descanso cando Miguel Andina, cun tiro desde fóra da área, anotou o primeiro dos locais.

**"Un bo resultado ante un equipo moi competitivo que sempre pon as cousas moi difíciles"** COTO Ribadeo

**"Noraboa ao Ribadeo, foi mellor ca nós"** BURUNDA Foz

Tras o paso polos vestiarios o Ribadeo darialle un golpe defitivo ao partido co segundo gol, mérito primeiro de Nico, que pelexou un balón na liña de fondo para poñer un centro, e despois de Roi, que chegou para empuxar o balón ao fondo das mallas.

Co 2-0 o partido púxose franco para o Ribadeo, que xogou a pracer ante un Foz que tirou a toalla. Ata o final, os locais ampliarían a renda cun tanto de Samuel nunha acción individual, e Javier Andina, desde fóra da área, e de Iván Moreda, que pecharía o partido.

O Ribadeo volverá xogar na casa a vindeira semana, cando recibirá ao Monterroso. O Foz ten a complicada visita ao Polvorín.

## CLASIFICACIÓNS

### CADETE Promoción Ascenso

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Monterroso - Sarriana | 1-1 |
| Residencia - Burela | 5-0 |
| Sagrado - Polvorín | 0-1 |
| Foz - Ribadeo | 0-5 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| POLVORÍN | 15 | 6 | 5 | 0 | 1 | 18 | 5 |
| RESIDENCIA | 15 | 6 | 5 | 0 | 1 | 16 | 6 |
| RIBADEO | 12 | 5 | 4 | 0 | 1 | 19 | 5 |
| MONTERROSO | 7 | 6 | 2 | 1 | 3 | 11 | 12 |
| SARRIANA | 7 | 6 | 2 | 1 | 3 | 9 | 12 |
| SAGRADO C. | 6 | 6 | 2 | 0 | 4 | 9 | 17 |
| CD FOZ | 3 | 6 | 1 | 0 | 5 | 7 | 16 |
| BURELA | 3 | 5 | 1 | 0 | 4 | 7 | 23 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Sarriana - Residencia, Polvorín - Foz, Burela - Sagrado, Ribadeo - Monterroso

### CADETE Play-Off

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Viveiro CF B - Casás | 2-0 |
| Becerreá - Xove Lago | 1-3 |
| Lourenzá - Abuín | 0-2 |
| Piringalla - Residencia B | 1-6 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| XOVE LAGO | 18 | 6 | 6 | 0 | 0 | 23 | 1 |
| AT. ABUÍN | 12 | 6 | 4 | 0 | 2 | 8 | 10 |
| BECERREÁ | 10 | 5 | 2 | 1 | 2 | 19 | 15 |
| RESIDENCIA B | 10 | 5 | 3 | 1 | 1 | 11 | 4 |
| LOURENZÁ | 7 | 5 | 2 | 1 | 2 | 8 | 8 |
| VIVEIRO B | 3 | 4 | 1 | 0 | 3 | 7 | 18 |
| CASÁS | 2 | 6 | 0 | 2 | 4 | 1 | 11 |
| PIRINGALLA | 1 | 5 | 0 | 1 | 4 | 5 | 21 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Casás - Becerreá, Abuín - A Piringalla, Xove Lago - Lourenzá, Residencia B - Viveiro B

### CADETE Torneo Delegación

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Villalbés B - Pontenova | 3-3 |
| Polvorín B - Ferroviaria | 9-0 |
| Sarriana B - Castro | 0-7 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| SP. PONTENOVA | 13 | 5 | 4 | 1 | 0 | 21 | 6 |
| CASTRO | 12 | 6 | 4 | 0 | 2 | 16 | 7 |
| EF POLVORÍN B | 11 | 5 | 3 | 2 | 0 | 22 | 1 |
| VILLALBÉS B | 8 | 5 | 2 | 2 | 1 | 21 | 6 |
| ANTAS | 5 | 5 | 1 | 2 | 2 | 8 | 12 |
| SARRIANA B | 1 | 5 | 0 | 1 | 4 | 2 | 32 |
| FERROVIARIA | 0 | 5 | 0 | 0 | 5 | 4 | 10 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Antas - Villalbés B, Ferroviaria - Sarriana B, Pontenova - Polvorín B

**PLAY OFF | TORNEO DELEG.**

## O Xove Lago encaixou o primeiro gol, pero segue sen ceder ningún punto no Play Off

O equipo de Jose Iravedra mantivo a portería a cero ata a sexta xornada da liga de Play Off. Foi o Becerreá o que conseguiu bater por primeira vez a portería mariñá, pero o mérito non foi abondo para discutirlles a vitoria aos xovenses, que seguen líderes. Viveiro CF B, Residencia B e Abuín tamén gañaron os partidos desta fin de semana. No Torneo Delegación segue a marcar o ritmo o Sporting Pontenova aínda que, este domingo, cedeu os primeiros puntos ante o Rácing Villalbés B nun partido de alternancias no marcador e un 3-3 ao final.

## Pichichi
XUVENIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | G. |
|---|---|---|
| ANXO | Milagrosa | 17 |
| ABELLA | Sarriana | 15 |
| IAGO | Polvorín FC | 12 |
| NANO | Milagrosa | 11 |
| BORJA | Castro | 10 |
| DAMIÁN | Becerreá | 9 |
| GUNDÍN | Sagrado | 9 |
| VÍCTOR | Foz | 8 |
| MARCO | Milagrosa | 8 |
| ALBERTO | Polvorín FC | 8 |
| ABEL | Villalbés B | 8 |
| JAVI | Becerreá | 7 |
| ÁLEX | Castro | 7 |
| NEIRA | Milagrosa | 7 |
| IVÁN GARCÍA | Ribadeo | 7 |
| DIEGO | San Ciprián | 7 |
| J. ANTONIO | Becerreá | 6 |
| RAÚL | Castro | 6 |
| JORGE | Ribadeo | 6 |
| GABRI | Villalbés B | 6 |
| EDILSON | Foz | 5 |
| SPEEDY | Polvorín FC | 5 |
| IVANILSON | San Ciprián | 5 |
| SANTÍN | Becerreá | 4 |
| NACHO | Castro | 4 |
| TORITO | Castro | 4 |
| YERAI | Foz | 4 |
| JORGE | Foz | 4 |
| JHOSEBA | Foz | 4 |
| XOEL | Milagrosa | 4 |
| JAVI PORRAL | Polvorín FC | 4 |
| CASANOVA | Ribadeo | 4 |
| ADRIÁN | Sagrado | 4 |
| FLY | San Ciprián | 4 |
| MARCO | Sarriana | 4 |
| ÁLEX | Villalbés B | 4 |
| ÁNGEL | Villalbés B | 4 |

## Regularidade
XUVENIL PROVINCIAL

| Xogador | Equipo | P. |
|---|---|---|
| SPEEDY | Polvorín FC | 27 |
| JORGE | Foz | 24 |
| HUGO | Sagrado | 21 |
| RAÚL | Castro | 20 |
| IAGO | Polvorín FC | 20 |
| DIEGO | San Ciprián | 20 |
| ADRIÁN | Castro | 19 |
| ANXO | Milagrosa | 19 |
| BORJA | Castro | 18 |
| ÁLEX | Polvorín FC | 17 |
| ÁLEX | Ribadeo | 17 |
| ABELLA | Sarriana | 17 |
| SANTÍN | Becerreá | 16 |
| PLATAS | Sagrado | 16 |
| VÍCTOR | Foz | 15 |
| ABRAHAM | San Ciprián | 14 |
| ÁLEX | Foz | 13 |
| HUGO | San Ciprián | 13 |
| EDGAR | Sarriana | 13 |
| ABEL | Villalbés B | 13 |
| IVÁN | Becerreá | 12 |
| NICO | Villalbés B | 12 |
| IAGO | Villalbés B | 12 |
| ÁNGEL | Villalbés B | 12 |
| JORGE | Castro | 11 |
| JUAN | Foz | 11 |
| DIEGO | Milagrosa | 11 |
| DIEGO | Ribadeo | 11 |
| JAIRO | San Ciprián | 11 |
| IVANILSON | San Ciprián | 11 |
| FABIÁN | Sarriana | 11 |
| ADRIÁN | Sagrado | 10 |
| ANDRÉS | San Ciprián | 10 |
| JORGE | Becerreá | 9 |
| DIEGO | Milagrosa | 9 |
| ADRIÁN | Ribadeo | 9 |
| HUGO | Ribadeo | 9 |
| JORGE | Ribadeo | 9 |

# Adri Platas e Extremeiro asinaron a vitoria local

**O ACERTO** dos xogadores de Sagrado Corazón cara a portería foi clave para decidir un partido moi competido no Manuel Rodríguez Lago

**SAGRADO 2 – 0 SARRIANA**

**Goles:** Platas e Extremeiro.




**Arbitro:** Miguel Pin Calvín. **Campo:** Rodríguez Lago- As Gándaras

> "Mucho ánimo a Marcos, te queremos pronto aquí con nosotros" FRAN FERNÁNDEZ Sagrado Corazón

> "La dinámica no cambia. Salimos del partido reforzados y con buenas sensaciones, somos un equipo joven que estamos yendo a más. Cada semana damos saltos de gigante" ALBERTO PÉREZ Sarriana

**OS MELLORES**

| SAGRADO | | SARRIANA | |
|---|---|---|---|
| PLATAS | 3 | CAYUELA | 3 |
| ADRIÁN | 2 | FABIÁN | 2 |
| YERAY | 1 | MARCO | 1 |

Sagrado Corazón volveu gañar na volta ao Manuel Rodríguez Lago despois de dúas xornadas xogando a domicilio.

Os branquiazuis impuxéronse á Sarriana nun partido parello que decidiron os goles de Platas e Extremeiro, os dous na segunda metade e con apenas dez minutos de diferenza.

Ata o descanso, ningún dos equipos conseguiu bater a portería contraria. A Sarriana trataba de ter o dominio do balón e levar o xogo a campo rival, onde Cayuela e Abella eran as maiores ameazas en accións ofensivas. O dianteiro tivo a ocasión máis clara do seu equipo nos primeiros corenta e cinco minutos, respondendo a outra boa ocasión de Gundín, que tivo un man a man para abrir o marcador.

Tras o paso polos vestiarios a balanza foise desnivelando para o lado local. Os visitantes non puideron manter o ritmo da primeira metade e Sagrado Corazón foi gañando terreo cun 4-3-3 que lle permitiu crear superioridade por dentro.

Ao cuarto de hora do reinicio, Platas fixo o 1-0 superando ao porteiro cunha vaselina despois de gañarlle a partida ao central para contolar un balón ao espazo.

Apenas dez minutos despois, Extremeiro poñía terra polo medio co 2-0 ao rematar un saque de esquina.

Na próxima xornada a Sarriana recibirá ao Polvorín e o Sagrado Corazon ao Becerreá no primeiros encontro da segunda volta.

**60**

**MARCOS SANFIZ**
O gardameta de Sagrado Corazón tivo que retirarse por unha lesión que o terá apartado durante algunhas semanas. Foi a nota negativa do encontro para os branquiazuis que volveron gañar despois de dúas xornadas sen sumar



Rober trata de marcharse de Diego; ao fondo, Porral



Diego trata de anticiparse a Muinelo; detrás, Miki



Adri Platas leva o balón pola banda seguido de Goyanes

# A Milagrosa fortalece o liderado

**TRAS REMATAR COA RESISTENCIA DO SAN CIPRIÁN NA SEGUNDA PARTE,** os de Manolo Couso chegan por diante á cita da próxima xornada no Roca entre os dous primeiros

| SAN CIPRIÁN 0 | | MILAGROSA 7 | |
|---|---|---|---|
| Elías | | Gorka | |
| Nacho | 3 | Carlos | |
| Jairo | | Jorge | |
| Juan | | Fran | |
| Pelayo | 2 | Toño | |
| Abraham | | Diego F. | |
| Ivanilson | | David | 2 |
| Hugo | | Neira | |
| Gly | | Julián | |
| Diego Baltar | 1 | Anxo | 3 |
| Diego Luna | | Nano | |
| Irfan | | Marco | 1 |
| Dani | | Pedro | |
| David | | Xoel | |
| Iván | | Diego G. | |
| Cristian | | | |

**Goles:** Anxo (3), Nano (2), Diego Ferreiro e Marco.

**Arbitro:** LANZOS REY, ANTONIO JAVIER

A Milagrosa impúxose con contundencia ao San Ciprián, que só puido aguantar no partido durante a primeira metade.

Se ben os visitantes xa foron con vantaxe ao descanso, 0-2, despois de que Anxo e Nano intercambaran os papeis de rematador e asistente para facer os dous primeiros, o equipo local trataba de competir de ti a ti co líder. Co cero a cero, Fly e Baltar tiveran dúas ocasións para abrir o marcador e, antes do descanso, Ivanilson tamén o intentou pero a súa acción foi anulada por fóra de xogo.

Sen embargo, tras o paso polos vestiarios, o terceiro da Milagrosa -segundo de Nano- suporía un golpe definitivo para os locais.

A partir dese momento o encontro foi un monólogo dos visitantes, que foron ampliando o marcador con dous goles máis de Anxo, Diego Ferreiro e Marco ante un equipo local cos brazos en baixo tras o esforzo sen premio dos primeiros corenta e cinco minutos.

Co triunfo na Veiga, a Milagrosa remata a primeira volta como líder do campionato provincial, a un punto do Rácing Villalbés B, segundo.

A segunda volta comezará co duelo entre os dous favoritos ao título, que empataron a uns no partido de ida no Roca.

> "A partir do terceiro gol baixamos os brazos. Toca pensar no seguinte partido" MADARIAGA San Ciprián

> "Primeira parte bastante igualada. O partido rompeuse co terceiro gol" COUSO Milagrosa

# O Villalbés recupera sensacións no Roca

## CUN TRIUNFO ante o Becerreá

| VILLALBÉS B 4 | BECERREÁ 0 |
|---|---|
| Óscar | Óscar |
| Cris | Jorge |
| Cabado | Javi |
| Xoel | Nacho |
| Jorge | Cris |
| David | Miguel |
| Marco | Santín |
| Álex Anido | Jose |
| Abel | Sergio |
| Gabri B. | Deiros |
| David Bermúdez | Javi Riomao |
| Carlo | Andrés |
| Gabri | Bilal |
| Mateo | Damián |
| Santi | |
| Álex Santaballa | |

**Goles:** David Bermúdez (2), Gabri Blanco e David.

**Arbitro:** CASTRO GÓMEZ, PEDRO

O Rácing Villalbés B volveu á senda da vitoria. Os de Iván Lamas recuperaron sensacións tras o empate da semana pasada ante a Sarriana. Os racinguistas tiveron no Roca a intensidade e profundidade que non tiveron na Ribela, e tomaron desde o inicio as rendas do partido.

Na primeira metade o Becerreá conseguiu neutralizar o perigo con orde e esforzo defensivo, e tratou de estirarse nalgún contraataque no que lles fallou o último pase.

Paradoxalmente, si que lle funcionou a contra ao Villalbés B, que abriu o marcador nunha xogada que iniciaron tras un roubo no medio cambio. Álex Anido centrou e David Bermúdez rematou de cabeza no ecuador da primeira metade.

O resultado manteríase ata o descanso. Pero, á volta, David Bermúdez asinou o segundo nunha acción individual que supuxo un duro golpe no ánimo dos visitantes, xa mermados fisicamente.

Gabri Blanco e David ampliaron o marcador antes do final do último treito do partido, no que o Becerreá tivo ocasión de maquillar o resultado cun balón que rebotou na madeira.

**"Temos que seguir na liña que marcamos na primeira metade"**
IVÁN LAMAS RC Villalbés B

**"Competimos hasta donde pudimos ante un equipo que demostró ser de otra Liga"**
ANTÓN MÉNDEZ Becerreá


Adrián conduce o balón con velocidade a pasada xornada


Toni controla o esférico nun partido desta liga na Fonte

# O Ribadeo remonta na segunda parte

## O POLVORÍN FC volveu amosar síntomas de debilidade tras o paso polos vestiarios e os de Salva non perdoaron

**SD RIBADEO 2 – 1 POLVORÍN FC**

**Goles:** Jorge e Álex. | **Goles:** Álex




**Arbitro:** Luis Manuel Graña Gonzalez **Campo:** Pepe Barrera.

**OS MELLORES**

| SD RIBADEO | POLVORIN FC |
|---|---|
| ÁLEX | SPEEDY |
| JORGE | ÁLEX |
| IVÁN G. | IAGO |

O Ribadeo conseguiu ante o Polvorín FC un triunfo importante para manterse na loita por unha das prazas para disputar o Ascenso.

Os de Salva confirmaron a súa fiabilidade no Pepe Barrera, onde sumaron dez dos doce puntos, ao remontar na segunda parte un encontro que perdían por 0-1 ao descanso.

Ata o intermedio, o Polvorín fora mellor. Gañando case todas as disputas na medular, os amarelos conseguiron xogar gran parte dos minutos en campo rival, combinando e chegando con perigo á portería ribadense.

O gol chegou no ecuador da primeira metade nunha triple ocasión visitante que concretou o central Álex despois dos remates fallidos de Speedy e Iago.

Tras o paso polos vestiarios, mudou o guión do partido. Os cambios déronlle un novo impulso ao Ribadeo, que lle deu a volta ao marcador con goles de Jorge, aos quince minutos, e de Álex, cun remate de cabeza, apenas dez despois.

**"Acaba a primeira volta e estamos na pelexa. Oxalá a actitude dos xogadores siga sendo esta tanto na casa como fóra"**
SALVA SD Ribadeo

**"Se non collemos tensión nos segundos tempos, ao final vánsenos os partidos"**
KUBALA Polvorín FC

Co resultado a favor os locais explotaron o seu perigo á contra, pero non puideron ampliar a renda ante un Polvorín FC que, como sucedera ante Sagrado Corazón, volveu dar síntomas de fraqueza no segundo tempo.

## CLASIFICACIÓNS

### XUVENIL Promoción Ascenso

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Sagrado – Sarriana | 2-0 |
| RC Villalbés B – Becerreá | 4-0 |
| San Ciprián – Milagrosa | 0-7 |
| Foz – Castro | 2-1 |
| Ribadeo – Polvorín FC | 2-1 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MILAGROSA | 22 | 9 | 7 | 1 | 1 | 31 | 5 |
| VILLALBÉS B | 21 | 9 | 6 | 3 | 0 | 21 | 6 |
| CD CASTRO | 12 | 9 | 3 | 3 | 3 | 17 | 14 |
| CD FOZ | 12 | 7 | 4 | 0 | 3 | 13 | 11 |
| POLVORÍN FC | 12 | 9 | 3 | 3 | 3 | 13 | 16 |
| SD RIBADEO | 12 | 9 | 3 | 3 | 3 | 12 | 17 |
| SARRIANA | 9 | 8 | 2 | 3 | 3 | 11 | 18 |
| SAGRADO C. | 8 | 9 | 2 | 2 | 5 | 11 | 16 |
| BECERREÁ | 6 | 8 | 2 | 0 | 6 | 10 | 20 |
| SAN CIPRIÁN | 5 | 9 | 1 | 2 | 6 | 9 | 25 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Foz- Ribadeo
Sagrado - Becerreá
San Ciprián - Castro
Sarriana - Polvorín FC
Villalbés B - Milagrosa

### XUVENIL Play-Off

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| Xove Lago – Cospeito | 3-4 |
| San Roque – Viveiro CF B | 3-1 |
| Quiroga – Palas | 2-1 |
| Monterroso – Corgo | 3-3 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| RESIDENCIA B | 17 | 8 | 5 | 2 | 1 | 32 | 12 |
| VIVEIRO CF B | 16 | 8 | 5 | 1 | 2 | 18 | 10 |
| MONTERROSO | 16 | 8 | 5 | 1 | 2 | 19 | 16 |
| SAN ROQUE | 15 | 8 | 5 | 0 | 3 | 22 | 23 |
| COSPEITO | 13 | 8 | 4 | 1 | 3 | 23 | 20 |
| XOVE LAGO | 12 | 8 | 4 | 0 | 4 | 25 | 20 |
| QUIROGA | 9 | 7 | 2 | 0 | 4 | 18 | 25 |
| CORGO | 5 | 8 | 1 | 2 | 5 | 15 | 28 |
| PALAS | 1 | 8 | 0 | 1 | 6 | 8 | 27 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Residencia B -Monterroso
San Roque - Palas
Quiroga - Corgo
Xove Lago - Viveiro CF B

### XUVENIL Torneo Delegación

**RESULTADOS**

| | |
|---|---|
| EF Polvorín A – Outeiro | 5-1 |
| Taboada – Pontenova | 3-0 |
| Lourenzá – Ferroviaria | 7-0 |
| Burela – Guitiriz | 4-1 |

**CLASIFICACIÓNS**

| Equipo | Pts. | X | G | E | P | GF | GC |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| BURELA SD | 27 | 9 | 9 | 0 | 0 | 47 | 16 |
| LOURENZÁ | 21 | 9 | 7 | 0 | 2 | 47 | 15 |
| GUITIRIZ | 16 | 9 | 5 | 1 | 3 | 18 | 24 |
| SP PONTENOVA | 12 | 9 | 4 | 0 | 5 | 25 | 21 |
| FERROVIARIA | 9 | 9 | 3 | 0 | 6 | 22 | 26 |
| TABOADA | 9 | 9 | 3 | 0 | 6 | 18 | 25 |
| OUTEIRO DE REI | 7 | 9 | 2 | 1 | 6 | 15 | 31 |
| EF POLVORÍN A | 6 | 9 | 2 | 0 | 7 | 24 | 43 |

**PRÓXIMA XORNADA**

Sp. Pontenova-Outeiro
Guitiriz - Lourenzá
Ferroviaria - Taboada
Burela - Polvorín A

# Cuarta vitoria no Municipal

## O FOZ IMPÚXOSE AO CASTRO, RIVAL POLA TERCEIRA PRAZA. Os de Gayol non cederon ningún punto no seu campo no Provincial

| FOZ 2 | CASTRO 1 |
|---|---|
| Alonso | Rodrigo |
| Marqués | Joel |
| Alexis | Mángel |
| Juan | Asier |
| Víctor | Jorge |
| Jorge | Adrián |
| Álex C. | Ónega |
| Edilson | Torito |
| Levin | Raúl |
| Joseba | Borja |
| Víctor | Álex |
| Isma | Marco |
| Pablo | Diego |
| | Nacho |
| | Santi |

**Goles:** Víctor e Joseba polo Foz; Álex para o Castro.

**Arbitro:** LANZOS REY, ANTONIO JAVIER

O Foz está a converter o Municipal de Malates nun fortín. Os de Ivan Gayol contan os partidos na casa por vitorias. A última ante o Castro, á vista da clasificación, rival directo pola terceira praza.

Os locais foron máis eficaces á hora de plasmar no campo a súa proposta fronte a un Castro que, sendo protagonista co balón, non tivo acerto no último pase nin na definición. De feito, adiantáronse nunha saída a contra. Antes do intermedio, os visitantes empataron pero, na segunda metade, nunha falta, os locais marcaron o 2-1, que sería definitivo.

**"Gran resultado noutro mal partido, necesitamos a todos ao 100% para non sufrir tanto"**
IVÁN GAYOL Foz

**"Cando non saen as cousas é cando máis fortes temos que ser como grupo. Reflexión, autocrítica e semana nova para seguir mellorando"**
BRAIS PRADOS Castro

Os de Iván Gayol suman 12 puntos, igual que Castro, Ribadeo e Polvorín FC, pero teñen dous encontros pendentes, contra Becerreá e Sarriana.

PLAY OFF | TORNEO DELEG.

# Raúl empata a última hora para o Monterroso, que mantén a mellor xeira do Play Off

Os da Ulloa son o mellor equipo das últimas cinco xornadas, nas que sumaron 13 dos 15 puntos posibles. O último, contra o Corgo que, sobrepoñéndose á dinámica positiva coa que chegaba ao partido o seu rival, conseguiu ir por diante durante boa parte do encontro. Nos intres finais confirmouse que os dous Cerdeiriños teñen a sorte de cara. Tamén lle sigue sorrindo a fortuna ao Burela, líder do Torneo Delegación, onde o Taboada enlazou a terceira vitoria.

# Axudas Deporte

## A DEPUTACIÓN DESTINA 1 MILLÓN DE EUROS MÁIS ao conxunto do tecido deportivo da Provincia, que contará con máis axudas sociais para o impulsar a igualdade e a integración




Álvaro Santos informou o venres que a Deputación Provincial de Lugo aprobou en Xunta de Goberno destinar 1 millón de euros máis ao conxunto do tecido deportivo da Provincia. Son 500.000 euros para todos os clubs deportivos e modalidades, e 440.000 para o Ensino, o Burela Fútbol Sala, o Peluquería Mixta Friol e o Emevé, todos eles en primeira ou segunda división.

Santos Ramos destacou que "un dato público, oficial e moi revelador disto é que mentres dende este Goberno da Deputación investimos en deporte 12,92 euros por habitante, a Xunta faino con 6,29 euros. É dicir, duplicamos o investimento da Xunta en Lugo tamén en deportes. E todo isto cando a Xunta ten as competencias directas en deportes e conta cun orzamento máis de 100 veces superior ao da Deputación, pois o orzamento provincial non chega aos 90 millóns e o da administración autonómica supera os 9.000 millóns de euros"

O Voceiro lembrou que durante os últimos anos o Goberno da Deputación destinou case 4 millóns de euros a través desas liñas de colaboración deportiva, que permitiu ofrecer unhas 1.350 axudas de 35 modalidades deportivas. É preciso tamén destacar que arredor do 97% do total das axudas foron de concorrencia competitiva, o que significa que todos os pequenos clubs da provincia puideron optar e solicitar as mesmas, promovendo o deporte base lucense.

Desta cantidade, 500.000 euros son axudas dirixidas a todos os clubs deportivos da provincia e de todas as modalidades deportivas, coas que se busca contribuír á súa actividade competitiva ou á organización de eventos. Por exemplo, asumindo gastos federativos, material, equipamento deportivo, cofinanciando competicións ou campionatos por todo o territorio lugués.
A previsión é abrir o prazo de solicitude destas axudas nas vindeiras semanas, unha vez publicadas na Base Nacional de Subvencións e no BOP.

Os restantes 440.000 euros son as axudas dirixidas aos clubs deportivos da provincia de primeira e segunda división ou categoría que non son SAD. Estes equipos son o Ensino, o Burela Fútbol Sala, o Peluquería Mixta Friol e o Emevé.

**Axudas máis sociais**
Nesta convocatoria incorpóranse criterios sociais nas bases destas axudas en impulso á igualdade e á integración, así como en recoñecemento ao esforzo competitivo. Deste xeito, valoraranse positivamente aos equipos mixtos, femininos ou con persoas con capacidades diferentes. Tamén a aqueles que sexan de localidades pequenas, de Concellos de menos de 2.000 habitantes, especialmente do rural, e tamén puntuarán os resultados ou ascensos deportivos.

Como novidade este ano, na liña de axudas á actividade competitiva cada disciplina deportiva conta cun importe de acordo co número de licencias oficiais que posúe cada modalidade na provincia de Lugo. Así mesmo, os clubs ou entidades deportivas que desenvolvan a súa actividade competitiva en máis dunha disciplina deportiva poderán optar a un máximo de tres axudas: dúas solicitudes por actividade competitiva e unha por organización de eventos deportivos.

O importe mínimo das axudas á actividade competitiva será de 300 euros e o máximo de 4.000, mentres que na liña de axudas á organización de eventos a cantidade mínima a percibir será de 300 euros e a máxima de 2.000 euros

**Durante os últimos anos, a Deputación destinou case 4 millóns a través desta liña que permitiu ofrecer 1.350 axudas de 35 modalidades deportivas. O 97% do total das axudas foron para pequenos clubs da Provincia**

**Na última Xunta de Goberno aprobáronse 500.000 euros para todos os clubs deportivos da provincia de Lugo e modalidades e 440.000 para o Porta XI Ensino, o Burela Fútbol Sala, o Peluquería Mixta Friol e o Emevé**

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE